

X  
*Certame  
Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Orestes  
Rodríguez-López*

XI  
*Certame  
Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Oreste  
Rodríguez-López*

# Tres lustros

---

Si, efectivamente, o lema pode inducir a confusión mais é fiel reflexo do paso do tempo que nos une e reafirma na ESENCIA da obra do poeta de PARADELA, Manuel R. L.

Tres lustros desde o seu pasamento (13-02-1990), feito que tanta dor nos produciu, pois a perda física dun bo amigo, dun home sinxelo e xeneroso, sempre produce tristura , desgarro.

Nembargantes, eu coído que naquel intre non eramos de todo conscientes da vitalidade que Manolo acreditaba. A pesares de ter dito con motivo do seu nomeamento como Fillo Predilecto de Paradelas: “Manolo non morrerá xamais pois a súa obra faino inmortal” (04-11-1990). Vitalidade que agora estamos a comprobar , ano tras ano, coa celebración do CERTAME que nesta edición cumpre dez anos.

Dende o horto de San Miguel, lugar de repouso do poeta, á croa do Toural e ó val do Loio hai un sen fin de azul outonal ameazantemente lagrimero de gotas puras, cultivadoras dos verdes da nosa terra, do ronsel de ocres das nosas ribeiras polas que estamos xunguidos ás raíces paradelenses. Todo isto tan natural procúranos un nexo equilibrante, coma se foran as veas enraizadas á terra ó traveso dos castiñeiros e carballos que polas súas follas nos xungen co ceo. Habitáculo permanente do “Eterno Emigrante” que salta da raíz ó espazo osixenando todo o que teña a ben achegarse á súa obra que segue a construír e guiar día a día.

Década abondosa no froito de seguer no bo camiño. Este Certame xa é un clásico dos galegos, con gran concurrencia de escritores de gran nivel e valía que dan prestixio a este Certame.

Se ben unha década non é nada na memoria dos tempos, aquí si nos sentimos ledos de colaborar con este pilar na pervivencia da obra de quen “non tiña outra ilusión que non fose a de traballar en exclusiva pola Cultura Galega”.



# *e unha década*

---

Nesta X edición acréditase unha vez máis o labor do poeta, chega botar unha ollada e ver ós gañadores, espallados pola xeografía española: Coruña, Lugo, Madrid, Salamanca, Zaragoza.

Manolo segues coma sempre co teu bulir caladiño marcando o norte como dicías nos versos dedicados a Castelao con motivo do 25 cabodano.

“o lider galeguista , marca o norte,  
arde nos peitos , desafia a morte  
E seu esprito na terra fai romaxe  
-non acadou o corpo a mesma sorte-  
pra acoller con amor o noso homenaxe.”

J. M. Mato  
Paradela, outono 2005

# O tempo ten

---

Levo quince anos orfo de ti, pai, pero trinta e catro guiado pola túa constante presenza. A herdanza da túa memoria é fonte dun inesgotable manantío de aprendizaxe e agarimo. Este sentimento íntimo transfórmase en compartido en Paradela unha vez máis. Nesta “terra que vai dende o Toural ó Miño” materialízase o milagre da túa pervivencia. Setenta anos de amor correspondido entre ti e a terra que te viu nacer e da que agora formas parte, fixérono posible. Ti ben sabías que “a inspirada palabra do poeta fai milagres”, que “il pode, sen esforzo, doadamente, / escolmar a bondade, / ollar a fermosura / sentir no máis profundo / o latexar da ialma”. Agora tamén sabes que na capital espiritual da túa Galicia ideal abundan os poetas. Poetas que saben recoñecer e fomentar unha actitude vital que está ó alcance de todos e que ti tan ben practicaches: camiñar pola vida facendo ben, contribuir á cultura do noso pobo, sementar agarimo, promover a amizade e o amor á Terra.

Foi máis de medio século de emigración, pai, pero a emigración rematou. Levas xa dez anos asentado definitivamente no teu berce natal. Quen che diría que, co tempo, poderías traballar na túa casa paradelense axudando a espallar a cultura creada por escritores novos e consagrados. E ademais co título de Fillo Predilecto e descansando, tra-lo traballo diario, no Panteón de Galegos Ilustres do teu Concello. Porque é certo que segues a traballar tódolos días. O teu espírito érguese cedo, como en Barcelona, e diríxese dende San Miguel á Casa Cultura tras admira-lo Cruceiro e gozar dos aires de Paradela que, como dicías en vida, rexuvenecen o espírito. E qué mellor traballo, volto xa da emigración, que o de ser impulsor da creación literaria, escritor na memoria dos teus conveciños, embaixador de Paradela no mundo a traveso do certame literario que leva o teu nome.

As túas sementes xerminan vizosas. O teu primeiro neto cumpliu xa seis anos, os mesmos que ti tiñas cando te levaron a eidos lonxanos. Cánta razón tés en dicir que “a roda do tempo non cansa ni acouga”. A historia de Xaniño repítese novamente. O alcumado “Shangai” transformouse nun moderno avión e a aldea nunha cidade, pero a esencia do ansiado reencontro é a mesma. Nembargantes, o tempo non pasou en valde. A túa experiencia transmitida na historia é un facho que alumea o noso camiño.

Carlos xa adprende “inglés e castelano, pero sen renegar do idioma patrio”. Certamente o teu consello paternal é o resultado dunha reflexión feita

# *a palabra*

---

tamén por outros. Porque, no extranxeiro, tamén hai persoas que “adeprenden idiomas, dous, tres ou catro”, incluíndo a fala dos galegos. Hai uns días, un insigne científico norteamericano, o Profesor Newton Morton, leu o teu libro Reencontro coa aldea. A súa gabanza dos teus contos de Paradela quedaría tan só nun acto de cortesía de non ser pola síntese que fixo ó destacar dúas verbas descoñecidas para el na forma, pero das que deduciu o significado polo contexto: Xan e trasno. Dúas verbas galegas (diferenciadas do idioma portugués que el domina), cunha identidade propia que reflexa a historia dun pobo. Dúas verbas galegas que ti fixeches eixes dunha mensaxe sinxela e fonda.

Paréceme escoitarte dicíndome de pequeno que a diversidade é riqueza. Co tempo coincido máis e máis co teu pensamento que deixaches transformado en verbas: “O patrimonio que nos legaron os nosos devanceiros, debemos conservalo... Galicia, sen a fala propia, sen os castros, sen os pazos e mosteiros, sen o ritmo e sensibilidade musical que perduran nos máis alonxados recunchos da nosa Terra, sen as tradicións e costumes que se atopan, a pouco que se arrebuñe, no sentir das nosas bisbarras, Galicia, sen patrimonio artístico autóctono, sería un territorio orfo de Historia.”

Moitas persoas entenden e comparten a túa filosofía neste e noutros aspectos da vida. Algunha delas xúntanse ano tras ano na entrega de premios do Certame Literario de Paradela. Pero necesitamos máis tempo. Necesitamos tempo para descifrar a túa mensaxe por completo. Unha mensaxe elaborada a partir da cultura popular na que existen dous elementos centrais: os vellos e os nenos, que representan a historia e o futuro, respectivamente. A historia e o futuro que se transforman en poesía nas mans dun neno. Un neno pode deducir realidades que os adultos non vemos, e tal vez non vexamos ata revivir a nenez na nosa vellez. Realidades como as presentes no dibuxo que te adica o teu neto Carlos, un novo Xaniño. El deduciunas ó interpretar unha fotografía túa escribindo na que non había libros presentes. Xa sabemos “onde atopar a poesía”. O camiño está comezado pero necesitamos máis tempo para saber interpretala. O tempo ten a palabra.

# Bases

---

PRIMEIRA: Establécese un Premio de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de POESÍA e outro de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de NARRATIVA.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ámbolos dous casos, escritos a máquina e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de 2004. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato ou a obra poética é axeitada ás normas contidas na Base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de decembro de 2003 e farase público polos medios de comunicación. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, na data fixada polo Excmo. Concello de Paradela.

SETIMA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

# Fallo do xurado

## Acta de constitución

### “X Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López”

---

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas do día dezasete de marzo de dous mil cinco. O Xurado designado, formado polos Señores:

D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradela) como Presidente;

D. Antonio Calvo Varela (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo),

D. Xesús Mato Mato (crego, escritor e musicólogo),

D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista),

D. Xabier Rodríguez Barrio (poeta e escritor) e

D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado), como vocais.

E D<sup>a</sup> Paula Ramos Díaz, Secretaria do Excmo. Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma, procédese a calificar as obras presentadas e atopadas conformes ás bases no seu día aprobadas.

O Xurado por unanimidade, acorda:

Primeiro: Outorgar o premio de POESÍA, á obra titulada SONETOS DE LA SOLEDAD CONMIGO, presentada baixo o lema Génesis. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D<sup>a</sup>. MARIA TERESA NÚÑEZ GONZÁLEZ, de Madrid.

Asimesmo, dada a calidade dos traballos presentados, o Xurado acorda outorgar dous Accésits no apartado de POESÍA.

- Accésit, á obra titulada NON PIDAS IMPOSIBLES, presentada baixo o lema Os tristes días da túa ausencia. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. AMADEO COBAS, con enderezo en Zaragoza.

- Accésit, á obra titulada PERDÓN, presentada baixo o lema Perdonando o imperdonable. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. UNAI GONZÁLEZ SUÁREZ, con enderezo en Ribeira (A Coruña).

Segundo: Outorgar o premio de NARRATIVA, á obra titulada TEMPOS DE MORNO ASUBÍO. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D. FRANCISCO PIÑEIRO GONZÁLEZ, con enderezo en Cervo (Lugo).

Asimesmo, dada a calidade dos traballos presentados, o Xurado acorda outorgar tres Accésits no apartado de NARRATIVA.

-Accésit, á obra titulada CONTOS DA COSTA DA MORTE PARA NENOS, MOZOS E VELLÓS, presentada baixo o lema Alba. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. JULIO ROMERO SUÁREZ, con enderezo en Pastoriza-Arteixo (A Coruña).

-Accésit, á obra titulada CUESTIÓN DE TIEMPO, presentada baixo o lema Tempus fugit. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D<sup>a</sup>. MARIA TERESA LÓPEZ DE LA FUENTE, con enderezo en Salamanca.

-Accésit, á obra titulada CÁNTIGAS DEL PEREGRINO. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. DOMINGO A. MARTÍNEZ MARTÍN, con enderezo en Zaragoza.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por tódolos membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horase cincuenta minutos, do que eu como Secretaria dou fe.





### **Teresa Núñez González**

Madrileña, poeta y narradora. Escribe y publica desde temprana edad. Colabora en ediciones de bolsillo con los seudónimos de Paul Lattimer y Vicky Doran. Estudios de francés e italiano, es becada y premiada en varias ocasiones por la Universidad Complutense, el Instituto Francés de Madrid y el Círculo de Bellas Artes. Posee igualmente cursos de Poesía, Guión literario, Literatura y Psicología Infantil y animación a la lectura para niños. Ha colaborado como crítica de poesía en el Taller Fuentetaja y participado en diversos jurados, lecturas poéticas y mesas redondas. En la actualidad es columnista del diario gratuito Metro Directo.

Ha publicado trece poemarios, doce de ellos mediante un premio, entre los que cabe destacar FERIA del Libro de Madrid, Blas de Otero y Tardor. En narrativa ha obtenido entre otros los premios Círculo de Lectores, Clarín, Asociación de la Prensa de Ávila, Internacional Lena, Diario de León, Emiliano Barral y Barcarola.

En teatro infantil fue Premio de la Asociación Española de Teatro para la Infancia y la Juventud, Premio de la Fundación María José Jove, estrenándose las dos obras premiadas en la Sala San Pol de Madrid y el teatro Rosalía de Castro de La Coruña respectivamente, y Premio Érase una vez Lorca.

Ha publicado tres libros de teatro para niños, un volumen de cuentos para trabajo de profesorado y numerosos cuentos cortos en antologías y revistas, así como un volumen de narraciones bajo el título de "Naufragios" (Madrid, Huerga & Fierro 2005) que comprende quince relatos, algunos de ellos galardonados con diversos premios.

Es miembro de la Sociedad General de Autores y Editores de España.

# *soledad conmigo*

Teresa Núñez González

---

1

Este dolor de nieve contra rojos,  
esta pena cansada que tiritita,  
y dentro de mí ser batalla, y grita,  
y se arrastra y se esconde entre rastros.

Esta angustia candente en los abrojos,  
esta herida de mí que me concita,  
que vuelve y me derrumba la maldita,  
dejándome cerrados vientre y ojos.

Este ser y no ser bajo la ropa,  
a duras penas látigo de estopa,  
clarín ardido, vendaval pequeño,

una vez fue verano. Su alegría  
pobló de luces la esperanza mía.  
No me di cuenta de que era un sueño.

2

No me di cuenta de ese ayer vivido  
y no me reconozco hoy, lejana.  
No supe que algún día aquel mañana  
sería el tiempo otrora transcurrido.

Cuando cae la noche, y no he dormido,  
y me oculto a la sombra en mi ventana,  
siento que llega la mortal desgana  
de perder nuevamente lo perdido.

Y estoy aquí, a solas y en la nada,  
sin yelmo, sin coraza y sin espada.  
A pecho descubierto pido ayuda.

Pero solloza el grito en la garganta,  
y es tanta mi tristeza. Tanta, tanta ...  
al verme en mi rincón, sola y desnuda.

3

Al verme en un rincón desnuda y sola,  
como olvidada estoy en una orilla,  
como piedra doliente y amarilla  
en algún mar de solitaria ola.

Desierta estoy. Estoy como si sola-  
mente fuese recuerdo la mejilla.  
No tengo más que un flexo y una silla  
y esta vacía y triste caracola.

Y quiero terminar, pero no alcanzo  
a concluir de mí lo que me cuento.  
Contra el papel mi corazón intenta.

Mas cada vez que amago y me abalanzo,  
el verso se me escapa con el viento  
y es el papel el que de mí da cuenta.

4

Por eso cuando quiero conocerme  
entro en conversación con mi dolencia.  
Me doy cita a la tarde. Mi presencia  
es la más puntual en ofrecirme.

Sinceramente estoy feliz de verme.  
Espero no me sirva de violencia  
contar todas las cosas que en mi ausencia  
ocurrieron.  
Cuando la tarde merme

a golpe de café y alguna pasta,  
escribiré un poema (si nos basta  
solo un poema siendo primavera).

Quedaremos un día a cualquier hora.  
Cierra la puerta, que hace frío ahora  
y viene oscuridad por la escalera.



### Amadeo Cobas

Amadeo Cobas naceu en Noia (A Coruña), anque foi adoptado pola cidade de Zaragoza, na que reside dende hai nove anos. Courseu estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Escribe en castelán e galego. Principiou a súa andaina literaria no ano 2001 coa publicación da obra *Un amigo en el Galacho*, un ilustrado conto para rapaces impreso pola editorial zaragozana Combra, que recibiu extraordinarias críticas. No seguinte ano saíu do prelo a súa segunda obra, *Contos de viaxe*, publicado pola editorial Toxosoutos. No 2003 participou no libro colectivo *Alma de Beiramar*, publicado por Edicións A Nosa Terra.

En abril de 2004 Zócalo Editorial publicou *Miranda*. Tras unha calorosa acollida do público, as eloxiosas críticas recibidas e despois de estar entre os cinco primeiros libros de vendas en Aragón durante dous meses, debeu imprimirse a 2ª edición dous meses despois, en maio.

No ano 2005 saíu *Historias de Loarre*, un libro conxunto de relatos curtos. En setembro publicouse a súa derradeira obra, *Passar a la posteridad*, pola editorial barcelonesa March Editores.

Articlista en diversas revistas culturais, é colaborador dos suplementos de crítica literaria dos xornais *Heraldo de Aragón* (*Artes y Letras*) e *Diario de Teruel* (*El Parnaso*). Xurado en diversos premios literarios e participante noutros, este ano 2005 vén de acadar os seguintes galardóns:

1º premio en relato monegrino no VII Certamen de Relatos "Tierra de Monegros", de Huesca.

Mención Honorífica na modalidade de conto do Premio Platero 2005, en Ginebra (Suiza).

Accesit de poesía no X Certamen Manuel Oreste Rodríguez, de Paradela (Lugo).

É membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega e da Asociación Aragonesa de Escritores.

Dirixe a Sección de Cultura do Centro Galego de Zaragoza.

# *imposibles...*

Amadeo Cobas

---

## NON PIDAS IMPOSIBLES

Non pidas que non te ame.

Non lle pidas á revolta  
e rebuldeira auga do torrente  
que cese no seu camiño.

Non lle pidas ó sol que no seu fulgor  
non queza uns pés trasteiros e fríos.

Non lle pidas á vida que retire  
do teu mundo os seus avatares,  
non lle pidas que non sexa vida.

Non me pidas, entón, que non te ame,  
non son torrente, nin son sol nin vida,  
se queres, pero quérote.

## DIME QUE SERÁS AMOR

Dime que serás orballo  
e encanecerei xunta ti.

Dime que serás fonte  
e serei peixe nas túas augas.

Ti, sol, e eu verán;  
serás arrecendo das miñas flores  
e os teus risos serán  
cor nos meus ollos.

Dime que serás dozura  
e eu serei larpeiro,  
que ti serás canto  
e eu partitura.

Dime que serás amor  
e eu serei namorado,  
dime que serás namorada  
e eu serei o teu amor.



AGARIMO DE NAI

Nos mollados beixos que o mar  
-coloso furibundo en inmensidade ignota-  
daba, entre salgados e violentos,  
ás penas na súa pétreo morada  
quixo ver o poeta agarimo de nai.  
Coma unha lingua xigantesca que  
do seu fillo ase a cara, e espétao  
cun murmurio de auga ó novo día.  
E como, meloso, o rochedo amaina  
a súa furia en temporal e suxeita, mecoso,  
as súas desatadas iras líquidas entre os seus dedos  
freando o ímpeto airado con frases amorosas.  
Encoro é para o seu neno un navío descoidado  
co que xogueta e, como neno, estraga;  
canción de berce é en silencio nocturno  
de novo o seu murmurio; ¿seica non é agarimo de nai?

SE DE ALGO SERVISE

¿De que me servise morarte?  
Se de algo servise esperarte,  
á esbrancuxada luz da lúa ou ó fulgor  
de un morno sol, moraría e esperaríate.  
Se de algo servise amarte,  
un amor que non foran palabras,  
un amor que o silencio gardase  
non máis te amaría, non podo, senón mellor.  
Se de algo servise dicirte  
eu son teu pois endexamais logrei  
amainar esa xélida brisa que o teu nome  
como un murmurio devolve á miña vida.  
Se de algo servise chorarte  
non serían os meus húmidos ollos valentes,  
senón que o pranto por ti chamaría  
e por ti brotaría unha e outra vez.  
Se de algo servise esquecerte,  
tentaría, mais preténdoo en van,  
pois sei que os tristes días da túa ausencia  
permanente e diaria pegada deixan na miña alma.

NON SÓ...SENÓN TAMÉN

Non só porque te quero  
senón tamén porque te admiro  
deixarei rodar a miña vida  
pola túa ladeira amorosa.

Non só pola túa beleza  
senón tamén pola túa simpatía  
pasearei o teu nome nos meus beizos  
e os meus pés nos teus zapatos.

Non só porque comigo  
senón tamén porque sempre  
esteas, do pranto de neno que aínda queda  
gardarei por ti a miñas mellores bágoas.

Non só porque te atope  
senón tamén porque te quedes  
albergarei ata algún día a idea  
-tan só agora- de ti, meu amor.

20

Así ficaría eu ollándote  
toda a eternidade.

Quixese explorar de orella a orella  
tanta beleza.

Sorprende ós meus beizos que te queren  
cun bico.



## Unai González Suárez

Unai González Suárez nace en Donostia, San Sebastián, o 30 de xaneiro de 1978, aínda que vive en Aguiño, unha pequena vila mariñeira de Riveira, dende que conta con dous anos de idade ata a actualidade, polo que se considera profundamente galego.

É Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela, Especialista Universitario en Protocolo, Ceremonial e Relacións Públicas.

Desenvolve a súa faceta profesional no ámbito dos Servizos Sociais, da Educación e da Cultura, primeiro no Concello de Riveira, e actualmente no Concello de Boiro, donde traballa no Departamento de Cultura, Educación, Patrimonio e Festexos.

Forma e formou parte das Directivas de diversas entidades culturais, veciñais, xuvenís e sociais, tales como a Comisión de Festas do seu pobo, Asociación Cultural e Deportiva A Dourixeira, Clube Balomán Riveira, Comisión de Festas de Riveira, Consello Parroquial, Asociación Cultural e Literaria Gandarío, AA.VV. Agueira, etc.

Colaborou e colabora na actualidade con publicacións en varias revistas e xornais, tales como Irimia, Impinxidela, O Carreiro, Galicia en Madrid, e é membro do Consello de Redacción do xornal aguiñés O Vicanso.

Ten publicado ata o de agora un poemario en galego titulado "De Min para Vós", realizado pola Editorial Doste x e o Concello de Riveira, un conto infantil baixo o título "El Viejo Alexandre", publicado polo Concello de Morón de la Frontera, e un relato titulado "Llueve" dentro dunha publicación da Editorial Jamais de Sevilla denominada "Antología de Relatos Geniales", así como algúns relatos e poemas en diversas publicacións recopilatorias de premios de certames literarios.

Escribe poesía, relato e teatro, neste último xénero dirixeu e participou na representación de dúas pequenas obras tituladas "O mundo ó revés" e "As vodas de ouro" con grande éxito nas dúas ocasións. Tamén participa en actos culturais e artísticos, realizando sesións de contacontos, recitais e conferencias en colexios, institutos e entidades públicas e privadas.

Conta con numerosos premios literarios en poesía, relato e teatro, entre os que se poden destacar o Primeiro e Único Premio no VII Certame do Libro Infantil Ciudad de Morón (Sevilla), o Primeiro e Único Premio no I Certame de Teatro Manuel Lustres Rivas (Riveira-A Coruña), o I Premio no II Certame de Poesía Cidade de Riveira, o Segundo Premio no Certame de Poesía Francisco Añón de Outes, e finalista no Repsol de Contos, Poesía da Estrada, Relatos de Jamais-Sevilla, Contos Cidade de Eibar, Contos Alcalá de Henares..., así como un accesit de poesía no Certame Literario Manuel Orestes Rodríguez López de Paradela no ano 1999.

PERDÓN

A TI

A ti,  
bolboreta branca que sen hora  
aleteas na noite do traballo,  
hilvanando fíos amodiño  
procurando non facer ruído  
e espertar a quen te fixo dano.

A ti,  
tamén a ti noiva, e dona, e amiga,  
a ti que tiveche-los ollos encharcados  
por sementar vagoas no deserto  
da dura inxustiza e o inmenso dano.

A ti,  
infatigable fonte de esperanzas,  
fervenza de ilusións adormecidas,  
artesán da palabra e do consello,  
que alimenta-la noite estrelecida  
con soños para que non teña medo  
a seguir camiñando nesta vida.

A ti,  
compañeira, nai, señora,  
porque fa-lo mundo máis perfecto  
colgando das nubes soños tenros;  
porque eres mulles traballadora,  
porque hei de ter soedade se non vexo  
nos ollos sinceros un reflexo  
e un suave sorriso nos teus beizos.

A ti,  
que cada amencer con moito esforzo  
debuxa-la bondade nas persoas,  
escarvas nos inertes invernais  
buscando a semente de novas primaveiras;  
por que non sei como decirte moitas gracias,  
por que non sei como hei facer pra que me queiras,  
para que nunca deixes de estar ó meu carón...  
Entrégoche en principio este poema  
e o sinceiro latexar dun corazón.

PEDRAS

Alga,  
sal,  
escuma,  
pedras,  
MAR.

Herba,  
flor,  
terra,  
pedras,  
CAMPO.

Millo,  
pataca,  
espantallo,  
pedras,  
AGRO.

Area,  
duna,  
cuncha,  
pedras,  
PRAIA.

Auga,  
fervenza,  
troita,  
pedras,  
RÍO.

Dor,  
inxustiza,  
miseria,  
pedras,  
INMIGRANTE.



## INOCENCIA

Mamá, din que o mar está triste,  
como cuberto de tinta negra,  
e fede a gasolina todo o pobo,  
mamá, ¿quen limpará o mar?


Fillo,  
milleiros de anxos brancos,  
con bozais e sen ás,  
con lagoñas das patacas  
e capachos do marisco.

¡Cantos hai sementando amor!,  
cantos están hoxe na praia,  
en inverno, con choiva clara,  
na area negra e pegañenta,  
nas pedras con lingua de morte,  
xa sei que todo é negro,  
mala sorte, negra sorte.

¡Mamá!, ven papá manchado,  
e tose un pouco,  
¿estará enfermo?,  
onte estaba chorando na dorna,  
díxome o veciño,  
que non foi á escola  
porque súa nai está na praia.

Oin na radio que había plastelina,  
e que as lonxas estaban cheas de soldados,  
e de xente de todo o mundo,  
e que morreu un velliño dun museo,  
¡non entendo nada!

Mamá, din que foi un barco.  
¡Non chores!,  
eu hei de ir con esa xente,  
e cun traxe branco de plástico,  
xa verás como antes do Nadal  
temos o mar limpo de novo.



## Francisco Piñeiro González

Francisco Piñeiro González naceu o 4 de xullo de 1956 no Reguengo, Mondoñedo (Lugo).

### OBRAS REALIZADAS:

Entre as súas obras máis representadas destacan Andar á comezencia, Na Encrucillada, Cambadelas, Relax-Total, Trébedes sen lume, Plática Sisual, No San Campio, Ferro e fariña, Borrando sombras e as infantís Nos anos bisestos os animais tamén falan galego, O bicho e Unha tarde de pesca. No teatro da rúa, destacan os espectáculos de masas titulados A emigración, con máis de sesenta actores, creado para a "Queimada Popular" de Cervo e gravado para o programa televisivo "De Galicia para el mundo", A rebelión irmandiña, nos arredores do Castelo de Moeche o Milagre de San Campio para o programa "Galicia enteira". Ademais, fixo guións de títeres para programas educativos europeos como "Terra e lume" e guións de teatro radiofónico como "O milagre da reciclaxe".

### OUTROS DATOS DE INTERESE:

Foi galardoado co primeiro premio no certame "Laxeteatro 2001" pola peza titulada "No San Campio" e o terceiro premio por "Cambadelas". Así mesmo, conseguiu un accésit no certame "Manuel Oreste Rodríguez López 2003" polo poema "Ai de min Paradela" e no verán do 2004 o cuarto premio no Certame de Teatro "Daniel Cortezón" pola representación da obra "Trébedes sen lume". No ano 2005 acadou os seguintes premios: 1º premio no IX Certame "Manuel Oreste Rodríguez López" co relato "Da auga e da terra de Paradela", 1º premio no "XXIX Certame de Xornalismo sobre Nadal de Begonte" polo artigo "A nosa semente", 1º premio no "I Certame de Xornalismo "Lorenzo Varela" polo artigo "Lorenzo Varela: Quixote con alma galega", 2º premio no "II Certame de teatro Daniel Cortezón" pola peza "A derradeira batalla do Marqués de Sargadelos" e 3º premio no II Certame de teatro "Daniel Cortezón" pola peza "Katharsis". Publica en Edicións do Castro a obra de teatro "A derradeira batalla do Marqués de Sargadelos".

### CURRICULUM:

Tras estudar Maxisterio en Lugo, comezou o seu labor docente en San Cugat del Vallés (Barcelona). Posteriormente, regresou a Galicia traballando na Mariña Lucense, Sarria, Ferrol e finalmente no I.E.S. Monte Castelo de Burela. Para completar o seu traballo pedagóxico, realizou experiencias teatrais no Auditorio de Sargadelos que finalizarían coa fundación e dirección dos grupos de teatro "O Bordelo" (Cervo) en 1998 e "A Adala" de Fazouro (Foz) en 1999, cos que leva máis de duascenas representacións polos escenarios de Galicia e no occidente de Asturias, sempre con obras da súa autoría, merecedoras de varios diplomas.

# *morno asubío*

Francisco Piñeiro González

---

Hoxe decateime de que, por falta de costume, xa non sei asubiar. Non tería importancia de non ser que eu antes chegaba a distingui-los distintos tipos de asubío e o que gardaban dentro. Sendo da aldea como eu son vergoña me tiña que dar.

Rematei a miña carreira, acadiei a miña meta profesional; son un cargo importante sentado nesta cadeira onde teño que tomar grandes decisións. Como vou facer se non sei asubiar! Que diría de min a miña aldea!

A aldea, ese limitado espazo de convivencia con infinitos sabores que anda en perigo de extinción. A aldea, onde o tempo non corría; camiñaba tan paseniño que permitía saborealo, aloumiñalo, facerlle as cóxegas, e incluso bicalo ou sentalo ó teu carón para que che fixera compañía. Convidabate a que o probaras. Cantos máis bocados lle dabas máis medraba. Polos montes, polas eiras, polos cómaros, poios e pousadoiros, había tempos de conversas, tempos de asubíos, de contos e cantigas, de músicas e bailes, tempos para ser nenos e tempos para ser grandes. Agora polo que se ve non me queda tempo para nada. E menos para asubiar! Iso que din que estamos avanzados!

Somos moitos os que deveceamos por un anaco daquel tempo para depenicalo, para matarno-la fame, secarno-las bágoas ou simplemente para sentarnos a escoita-las súas mornas palabras, as da doce fala, hoxe anguriada.

A miña vida é un conto; porque hai contos que duran unha vida. Os contos á présa nunca souberon ben; son verdes; convén agardar a que madurezán, coma a froita que nos regala a deusa Pomona. Convén aprender a saborea-las cousas pequenas para saber resolve-los grandes problemas, non con batallas feroces senón asubiando xuntos e dialogando ata atopala chave das noces.

A historia da miña aldea en ningún libro se atopa. Quedou escrita na lama. Onde buscamos agora a alguén que saiba interpretala?.

Cada ano chegaban á miña aldea un ou dous por cada casa que deseguida aprendían a ler e a escribir na lama mentres eles, sen presa, falaban. Pero o seu falar a ninguén lle importaba por iso entre o San Martiño e a Concepción morrían todos do mal do coitelo. Eran os porcos da ceba.

Lembro que en Randulfe, na miña aldea, cando os porcos dalgún veciño, por mor da fame que pasaban, amosaban as costelas como teclas de

piano, o matachín, na hora da matanza, tiña por costume largarlle á patroa da casa con retranca:

- Ai, patroa, estes porcós seica leron moito o xornal que non se acordaron de comer. Cárdolle as costelas para facer un acordeón?.

Miña avoa materna mantía tan ben a facenda que a súa fama tras-pasaba as fronteiras da parroquia de San Miguel. Tódolos anos mataba dous porcós lustrosos; fendían de gordos. Cando saían a pasear semellaban barcos bambeando polo camiño o seu andar de señorío. Contaban as horas, á raiola, sen máis ansias que a de agardar por outra encaldada.

Pero houbo un ano que foron á feira a Sarria. Por mor da peste quedaron tan poucas roladas que mercaron dous ranchos moi desaparexados, un marrote e un bacoriño. O bacoriño saíu ranquelo, todo esbrancuxado; á carón do outro, parecía unha penca de bacallao. Tódolos veciños comentaban:

- A este tocoulle mamar na teta de atrás. Menos mal que vai para boa casa.

Cruzando polos atallos chegaron a Outeiro onde o bacoriño cuincaba tan afrontado pola camiñada que meu padriño pillouno ó carrancholo ata chegaren á casa do seu compadre das Cadeiras quen, nos tempos da matanza, exercía de matarife por Barán e outras parroquias.

Alí, miña avoa fregoulle o lombo con alcol alcanforado, fíxolle unha cunca de sopas con manteiga, ovos e viño quente. O porquiño chuchou un nadiña e xa quedou farto. Logo, púxose a ollar sorrindo e asubiando para a cara da miña avoa. Os dous compadres que tiraban da bota uns tragos á carañola quedaron abraíados.

Oh, léveme o demo, compadre – dixo o matarife – con este porco vas gañar moitos cartos. Lévalo de romaxe en romaxe e cada vez que asubíe unha copla se pasas a boina énche-la alforxa!.

Meu padriño non contestou. Colleu o porco nunha gavela e saímos para casa cruzando a aldea de Paradela.

Os días pasaban e o porquiño a penas comía.

- Que asubías? Se comeras! Xosé, mírame este cocho, ho! – berraba ela.

Xosé era o meu padriño. Sentado no escano matinaba nas súas cousas coa vista perdida nunca folla amarela dun xornal que pregaba e despregaba tódolos días. Alí traía unha foto dun mitin que houbera en Monforte. El era o rapaz da esquerda, o que enarbolaba a bandeira. Pasaran corenta anos e o rapaz seguía alí, sorrindo, ilusionado, pero meu padriño sempre se preguntaba:

- Onde vai a ilusión deste rapaz?

- O díaño te confunda a ti e máis ó ler. Xa o debes ter ben aprendido. Has de mirar ese porco, ¿ ou non? Quédase ollando para min sen probar bocado. Ten que ser parvo!

- Ai, ho, bendito sexa! – sentenciou o padriño.

- Arrenegado sexa o demo! Porque dis tal cousa?

- Porque ós parvos ninguén lles pode rouba-la inocencia nin a ilusión! Ademais nunca un parvo provocou unha guerra, nin sequera os forzan a ir a elas porque abrazarían ó inimigo e convidaríanse a empanada, a butelo ou a caldo de castañas.

Saíu o Xosé pregando na folla. Sentou nunha pedra diante do animal e comezoulle a razoar. O porco púxose serio ; prestou tanta atención que nin pestenexaba.

Cando miña avoa observou tal escena pola ventá do fregadoiro moumeou :

-Non sei cal dos dous estará peor.

Pouco tardou en voltar o padriño. Sentou trala lareira. Sen que lle dera tempo a poñerse os lentes miña avoa xa lle espetou con sorna:

- E que che dixo o porco, Xosé?

- Que andaba namorado.

- Ai, lévete o demo! – rematou ela. Logo cambiou de ton advertíndolle – De seguir así non poderemos matalo este ano.

- Ben que llo expliquei pero non se preocupou máis nin menos; os namorados nunca teñen presa por morrer- respostou Xosé.

Estas e outras ocorrencias navegaron de seguida polos falares da aldea. Os veciños osmaban cando o porco saía de paseo. Amilagrábanse ó ve-lo acariñar tenramente ás bolboretas co seu fuciño. Bicaba nas flores! Buscaba amorodos, lorbagas, cerollos, pan de cobra, peidos de lobo, mazás de cuco e chuchameles. Observaba ós paxaros e asubiando levaba o compás da melodía da choiva batendo nas herbas. A xente deu en dicir:

- Non vos é un porco calquera! Ten un caletre que lles falta ós demais.

- Para min que é un filósofo – asegurou un. – Ou un poeta!

Dende aquela sempre amolaban á miña avoa coa mesma pregunta:

- Xosefa, como vai o filósofo?

- Cal dos dous? –replicaba ela.

O segundo filósofo era o meu padriño; cada vez botaba máis horas de reflexión, agochado tralo cigarro. Parecía repasa-la súa vida nas filigranas do fume. De cando en vez suspiraba fondo para sentenciar:

- Hai cousas que dan moito que pensar!

Os veciños tíñano por un home especial, moi á súa maneira, pero, iso si, moi servicial que é o que conta. Cando lle querían agradecer o seu altruismo e a súa solidariedade respostaba que as personas sempre están cando se precisan pero os individuos non. Cousas del.

Un día pregunteille porque todos se levaban ben con el.

- Porque me teñen por tolo- contestou- ; porque son capaz de sentar na mesma mesa ó lobo e ó coello e botar o día falando sen présa, porque



son carneiro que non pace da herba que outro pisa, en definitiva porque non bailo ó son do rabaño nin son unha ovella.

Eu non entendía pero moito me gustaba o que dicía.

Alcumábanlle “O Chico” polo falar pavero que aprendera nas Américas. Seica fora o único capital que dalí trouguera. A pesares diso as xentes tíñanlle aprecio e respecto. Eu notaba que non era un calquera.

Miña avoa, ás veces, anoxábase con el polo tempo que ficaba absor-to no medio das leiras. Lembro aquela tarde na que andaba á sacha-lo millo na Pantrigueira.

- Calquera día hanse de pouasa-los corvos enriba dos teus ombros pensando que eres un espantallo – díxolle.

- As cousas dan que pensar – repetía el.

- Darán, home, darán. Espabila que vai ser hora de cear, ou non tes fame?

- A miña fame nunca arrimou ó estómago.

- Pois non che viría mal comer algo porque tes menos carne que un guiso de arame. Calquera día vaite leva-lo vento.

A verdade sexa dita, todo hai que dicilo, o porco ranquelo e mailo meu padriño dábanse un aire. Traspasábaos a luz. Imponía velos de lonxe ós dous xuntos resgando a sombra dos castiñeiros no fondo da congostra.

Ó parecer iso foi o que albiscou a besta do Pedáneo nun solpor cando voltaba para a vila coas alforxas ateigadas co diñeiro de cobra-las rendas. Empinou-se o animal e tirou co xinete na lama de tan mala maneira que lle quebrou unha perna. Eran tempos de esfolada. Seica pidiu axuda a berros pero eu xa escoitara dicir ós vellos algunha vez que a tódolos porcos lle chega o seu San Martiño e tamén que :

- O problema non está en berrar senon en quen te queira escoitar.

O certo foi que ninguén lle botou unha man. Aló pola media noite disque se puxo a xurar e a ameazar dicindo:

- Non te acerques que che pego un tiro! Non te acerques máis! – e comezou a disparar contra unha pantasma branca; logo soubemos que non era máis que unha pedra de seixo.

- Os homes con pistola sempre tiveron medo – afirmaba a xente.

Ó alborexa-lo día seguinte xa había moito balbordo na casa da miña avoa. Viñeran os gardas! Eran altos e delgados, con bigotes retorneados. Tiñan o corpo cinguido de acharonadas correaxes rematadas en fibelas dou-radas. Querían levar preso ó meu padriño. E así o fixeron a pesares da opo-sición dos veciños. Miña avoa, coma un cadeliño, chorando desconsolada, saíu tras deles cun vurullo nas mans que arrecendía a reineta e a tabardilla; tamén levaba un molete cativo.

Ninguén sabía ben o que pasaba, mais todos sospeitaban. Quen máis quen menos coñecía “O Chico”; sempre ía de fronte, sen recatarse nada para expone-las súas ideas, ben distintas ás dos demais. Eu pensei que sería

polo dos velorios pois cando todos rezaban o rosario el non se axeonllaba e rosmaba entre dentes.

- Por que non rezas coma todos, padriño? – preguntueille unha vez.

-Eu rezo coma min. Non o fago en rabaño porque aprendín a rezar solo cando era un rapazolo da túa idade. Estiven de criado dun crego que me ensinou a roubar.

- Iso non pode ser certo!- exclamei.

- Ti ben sabes meu neno, que no montón das patacas sempre hai algunha podre. Esa tocoume a min. Aquel abade diciame: “ colle a fouce, e vai por un feixe de toxo para a besta”.

- En que leira o apaño, señor abade?

- Onde o haxa bon- contestaba o crego; eu ía rezando camiño arriba para que o dono do monte non me pillara na rapiñada.

Tamén na escola, no pouco tempo que fora, tivera unha agarrada co mestre o día que este lle espetou: “ Eres bien burro! Tienes catorce años y aún no sabes multiplicar”

- Peor é vostede – díxolle Xosé – que con cincuenta non sabe sachar nin fala-lo galego. Co doado que é!

Revirouse o mestre e rompeulle a pizarra na cabeza. Pero quen se ía lembrar agora diso!

Houbou quen afirmou que o de ir preso nada tiña que ver co clero nin co mestre senón con vellas contas políticas, razón pola que fuxira ás Américas cunha maleta baldeira feita por el mesmo dunhas táboas vellas do alboio. Quen ía querer remexe-lo pouso da historia?

Tódalas suposicións se esvaíron cando voltou a miña avoa na compañía dos gardas. Entraron xuntos na corte dos porcos.

- Aquí só hai un! Onde vai esa pantasma de cocho?- preguntaron.

Miña avoa non daba creto ó que sucedía. O filósofo non estaba. Nin que se evaporara do cortello! Non aparecía por ningures.

Vistes ó filósofo?- preguntaba desesperada.

Todos se encolleron de hombros; ninguén entendía nada. Os gardas marcharon anoxados, convencidos de que na aldea había unha conxura veciñal.

Se non o sabedes polas boas xa o diredes polas malas- refunfuñaron.

Pouco tardaron en voltar. Revisaron casa por casa na percura do filósofo; a dicir de miña avoa, había unha denuncia no cuartel en contra do porquiño por tirar ó Pedáneo do cabalo.

Mala centella o trague! Que culpa vai te-lo animalíño!

-Non importa que a teña senón o que eles digan- replicoume a avoa.- Ben mellor será que pague un porco inocente, que a fin de contas xa nacen para que os coman, e non que se consuma alí o teu padriño que naceu para comelos, aínda que ten cara de esgarecido.

As xentes sospeitaban que a cousa ía rematar mal. Coñecían as feitorías do Pedáneo e supoñían que non se ía deter ata que aparecera o filósofo.

Pasaban os días e ninguén falaba do paradeiro do porquiño nin da sorte do padriño. A aldea andaba murcha, coa boca pechada, mirando de esguello non fora a ser que detrás viñera o demo. Pero cando ían para os trafegos levaban no peto unha codia, un carozo de mazá, catro grans de millo, pelas de patacas, ... Aquilo a min dábame que pensar e ós gardas facíalles ferve-lo sangue.

Para que levan eses desperdicios? – preguntaban cos bigotes revirados.

Nos tempos que corren non se pode tirar nada – respostaba a xente.

Decateime que todos sabían pero ninguén falaban. Ó cabo dunha semana voltou meu padriño cos ollos caídos e a cara alongada, branca coma unha saba.

-Xosé! Que che fixeron Xosé? – preguntaba a avoa apalándolle a cara. Como estás?

- Ben, - respostaba. – Na vida, aínda que esteñas ben amolada sempre hai que dicir que che vai ben, así os amigos alégranse e os inimigos fódense.

Subíu á ponte do cabozo ,sentou na rateira, sacou o papel de lia-lo tabaco maila petaca e fixo un pitillo que acendeu a golpe de chisqueiro. Logo saboreou aquel tempo, coa vista perdida nos trobos das abellas de patas douradas que, no verán, saían baldeiras e voltaban cargadas. Alí pasou as horas asubiando baixiño.

Miña avoa que o agardaba anasada nas escaleiras rezaba polo baixo pois ela sabía o que un home é capaz de facer cando se envolve nun asubío morno.

-Mañá imos face-la matanza- decidiu meu avó erguéndose de súpeto. – Din a miña palabra.

Toda a noite pasei en vela. Era unha chantaxe. Eu entendíao pero dábame carraxe. Matar ó filósofo! Convertírase no símbolo da nosa aldea! El solo fora capaz de facerlle ó Pedáneo o que tódolos pobos darredor pensaban había moitos anos, darlle un escarmento, airear que na realidade era un cagado, un ricachón que gardaba na cabeza moita pobreza en pouca persoa. Os rapaces de Santa Cristina, Suar, Laxe, Ferreiros e incluso os de Barbadelo devecían por escoita-las aventuras do noso porco. Tiñamos un heroe en Randulfe. A dicir verdade, nós ameciámoslle un anaco máis ó que contaban os veciños para que quedara máis rimbombante.

Estiven a piques de erguerme para pregarlle ó padriño que me dixerá onde o agochaba e embarcalo para o estranxeiro como fixeron outros per-

seguidos da fame e da inxustiza. Non o fixen porque sabía ben o que me ía espetar:

- A palabra dun home, se é home, nunca xamais se torce.

Coa aurora chegou o seu compadre, o matachín; non deu nin os bos días. Meu pai preparaba as cordas, tamén calado. Pepe, o veciño, lavaba a bacía. Noutras ocasións todo eran chanzas, mais desta vez bulía no aire unha anguria que empachaba, ulía a inmoliación. Entraron no cortello escuro. Alí resoou a voz do padriño:

-Primeiro este- dixo.

Notei que alguén entreabría o poxigo. Mirei e observei que alí estaban os dezasete veciños agardando fóra. O Pepe saíu tensando na corda e meu pai anasado amosaba unha espiga de millo. Tras dela viña o fuciño do ... Non era o filósofo! O xentío, dende fóra ceibou un respiro.

O filósofo non se deixaría enganar polo millo- afirmaban.

Abalanzáronse os homes enriba do animal atado, tumbárono no dorso da bacía e alí entregou a súa vida sen un xemido. Eu recollía na tarreira o sangue. Non se callaba! Sacáronlle as cordas, guindárono ó chan e cubrírono cunha gabela de palla. O matarife saíu lava-lo coitelo ó rego.

- Non pasou nada! – comunicou ós de fóra.

Meu pai voltou á face-los nós corredíos sen moita gana. Pepe limpou o sollado da bacía cunha presa de pallas. Voltou o matarife. Os tres homes quedaron firmes, frente a frente, mirándose á cara.

- A que agardades? – dixo o padriño rachando o silencio.

A xente achegouse ó poxigo. Os tres homes entraron de novo no cortello escuro. Voltou o silencio. De súpeto saíron os tres. Voltáronse a mirar.

Meu pai entregoulle a corda ó padriño dicíndolle:

- Tome, fágao vostede.

O padriño botoume unha longa mirada, logo mirou ós outros. Acariñou a corda, afroxou lentamente o nó e entrou asubiando morniño.

- Pechade a porta- dixo.

Naquel eterno minuto todos adiviñaban o que aquel home estaría a sentir. Coa vista perdida na luz do candil cada un repasaba o que tivera que sufrir O Chico por non querer andar ó rego.

Miña avoa que estaba ó axexo trala porta da cociña, abreuna para advertirlle:

- Acaba, Xosé, déixate de líos. Xa tivemos dabondo. Fai o que teñas que facer.

- Abride! – mal oíuselle dicir dentro do cortello cunha voz asfixiada.

Miráronse todos; comprenderon o sufrimento dun home que toda a vida fora un oprimido e que unha vez máis tiña que ceder ante a inxustiza. Entrou o meu pai.

- Me cago no demo! – berrou. – Acendede un fachico!

Alumearon o cortello. Alí estaba! ...O meu padriño aforcado!

De nada serviu que o ergueran axiña, que o descolgaran en quente e tentaran reanimalo con cazos de auga fría. Foise para sempre. Estas cousas moito dan que pensar!

Pasarían tres semanas cando voltei pola casa da avoa. Achegueime ós ferros protectores da ventá do fregadoiro coa ilusión de ve-la calva do padriño refulxindo trala lareira. Pero non había ninguén. A lareira estaba adornada coas ristras de chourizos colgando por riba das varas. De súpeto entroume un degoiro que me retorció as tripas. A porta estaba pechada; arro-deei a casa, tiña as fiestras cerradas e as contras algo achegadas. Voltei á ventá do vertedoiro, peguei os ollos ó cristal.

- Aahhhh! – berrei.

Un gato mouro caera do ceo. Recobrei o alento, mirei para arriba e vin aberto o fachinel do faiado, enriba do fregadoiro, case no teito.

Se cabe un gato igual podería caber eu – se chegara- pensei.

Subín o peitoril; agarrado ós ferros, estarriqueime canto puiden para alcanzar coas xemas o marco do ventanuxo. Como me tremía o corpo! Agatei ata mete-la cabeza; tiven que recuar pois os brazos non me entraban, logo introducín unha man, xirei para coloca-los ombros na diagonal e rep-tando pouco a pouco foime engulindo o burato.

O faio estaba cuberto de folla de millo, follato espelido para secar; era para os xergóns. Ruxía ó pisala. Parecía dicir:

-Aí vai o ladrón!

A porta que daba ó comedor estaba zochada cun capizo. Empurreina, abriu e baixeí polas escaleiras ata a cociña. Medrabame no peito un latexar e na gorxa tal segura que bebín un tanque de auga da sella. Despois avancei cara ós chourizos. Semellaban un palio por riba da grama-lleira. Sentei onde sempre o facía o padriño. Dende alí víase o mundo doutra maneira. Aínda estaba no escano un lápiz cativo enriba dun papel de estra-za no que se podía ler:

-Ai dos que levan o cerebro no estómago!

-Estas cousas moito dan que pensar – razoei.- Pero non é tempo disto!

Tentei os chourizos. Estaban algo verdes pero valían para botárlle-lo dente.

-Se corto un ou dous, notarao a avoa así que vou leva-la ristra entei-  
ra.

Recoloquei as outras para mata-la rareira. Gardeina por dentro da camisa e voltei a subir. No relanzo das escaleiras detívenme. A porta da habi-tación estaba aberta. Nunca alí entrara. Entrevíanse os pés de dúas camas vermellas de cerdeira torneada. Unha varanda con perchas, ó fondo, e no medio, coma se fose un altar, un caixón cunha maleta grande e marela, pechada con catro fibelas amarelas. Afrouxeinas e abrín á présa. Non mo podía crer! Estaba repleta de libros! William Shakespeare: “Romeo y

Julietta”, “Hamlet”, “El mercader de Venecia” da Editorial Tor de Bos Aires, no ano 1944; “Guerra y Paz” de Tolstoi con publicidade na contraportada de “Natacha” cunha frase lapidaria :“Los pueblos que alientan una fe siempre se redimen. Rusia derrotó a Napoleón”; “Los Mártires” de Chateaubriand, por un prezo de dez pesetas; “Verdad” de Emile Zola ; “Misterios de la Inquisición Española”; “ Dramas clásicos americanos”... Miña mamaíña do ceo! Cantos libros na casa dun pobre labrego! Vaia capital trouxo o padriño das Américas! Quedei abraiado!

Seguín remexendo con ansiedade naquel olor rancio e naquela cor canela dos libros de tapas abichadas. No fondo da maleta repousaba unha caixa de lata azul que poñía “Dulce de membrillo”. Destapeina. No seu interior dourado gardaba polo menos unha resma de cuartillas de papel de estraza moi ben colocadas e atadas cun lazo vermello. Saquei o atado con moito coidado e achegueime á ventá para entreabrir máis a contra. No medio e medio da primeira cuartilla había letras escritas a lápiz que dicían:

En Galicia o Sol non se atreve a asubiar,  
pasa silandeiro e morre de vergoña  
ó decatarse de que os galegos  
somos incapaces de unírnos  
para facer grande a nosa historia.

Sentei coa emoción. Aquelas verbas estaban nunha lingua que eu oía a diario pero xamais a viran os meus ollos. Unha lingua que falaba de nós á carón das xoias literarias do mundo! Por se acaso fose un espellismo acaríñei a súa grafía coa precaución de non borrarla. Inflóuseme o peito. Voltei a ler aqueles versos unha e outra vez sen atreverme a desata-lo lazo.

Por que meu padriño os gardou coma un tesouro no fondo da maleta? Por que nunca o meu mestre me dixera que se podía escribir daquela maneira tan chegada a min, tan sentida?

Apurei a desata-las cuartillas de estraza e púxenme a ler versos de estadullos, cantigas do arado, conversas do cuco, lendas dos valados, falares da miña xente da aldea e dos seus traballos.

Tódalas follas estaban numeradas, datadas e asinadas. Apurei a pasar ata as derradeiras páxinas e alí estaba! : “Os pensamentos do filósofo”. Comecei a ler e boteime a chorar.

-Que poñen os papeis?

-Ahhh! – saltei dun pulo ó sentir aquela voz. Era a miña avoa que estaba apenada na cama, abatida.

-Avoa, eu entrei pero...!

-Shh! Cala, cala! Le eses papeis. Nunca puiden saber o que poñían por non saber ler nin ter ocasión de aprender! A noite antes de finar teu



padriño botouna escribindo, lendo e relendo, coma se se lle acabase o tempo,... e así foi. Dabamo a min á alma e aquel asubío morno que trougo da cadea. Quen o soubera! Le, meu neno, le.

E lin axiña entresacando párrafos:

..."Os poetas, escritores e filósofos son ferreiros do espírito dos pobos, enñan as palabras no aire da esperanza. Aínda quedan goberneiros, e non gobernantes, que prefiren darlles unhas sobras para telos calados coma porcos nun cortello. Ai do que non queira comer da súa man e lle dea por vivir do aire e remexer no chan!..."

..." os porcos, coma os poetas, teñen mal nome ata o día no que morren. Daquela todas son alabanzas; comendo as súas febras disfrutaban tanto ricos coma os pobres;... igual lle ocorre ós escritores e librepensadores..."

-..."o meu porquiño, o símbolo da esperanza, xa morrera e enterrei-no no castro do Vedral sin que ninguén o soubera pois eu non teño dereito a mata-la ilusión dun pobo. Así que el non puido asusta-la égoa do Pedáneo. Foi o Pedáneo quen tivo medo do filósofo, de que lle roubara o seu protagonismo e mermase os seus intereses por iso mandou prenderme para obrírgame a matalo. Non sei porque ese home sempre me tivo xenreira!"

-Seino eu – dixó a avoa. – Voucho contar, meu neno, aínda que sempre pensei morrer co segredo. Non llo contes á túa nai. O Pedáneo de novo foi un seductor. Conquistou cantas rapazas había ó redor para rir delas. Pero houbo unha que cando se viu del preñada negouse a casar e non quixo saber máis nada del. Nunha noite fuxiu. Foi servir a Madrid. Aquela rapaza era eu. Alí naceu túa nai, alí me namorou teu padriño sen preguntar xamais polo meu pasado e deuche a ti o seu apelido. Xuntos voltamos como marido e muller. Todos o aceptaron agás o Pedáneo que nunca soubo o que era perder unha presa.

-Estas cousas dan que pensar – expresei. – Son afillado do Chico e neto do Pedáneo! Manda carallo!

Miña avoa non tardou en morrer. O Pedáneo virouse a demócrata. Alabado sexa! Tamén se recicla o lixo.

Hoxe acaban de inaugurar na aira do medio da miña aldea un monumento ó porquiño filósofo, un animalíño de granito que non para de sorrir. No fondo ten unha placa gravada na que se pode ler: "Para que nunca retornen os tempos do morno asubío".

O alcalde, que é o fillo do Pedáneo, no seu discurso afirmou: "...era un ser inocente con alma galega que nunca deixaremos morrer. Que nos sirva de símbolo para asubiar xuntos con liberdade"... E tamén lembrou ó meu padriño afirmando que..."fora un bo home, dos moitos que se desaproveitaron na nosa terra".

Estas cousas moito dan que pensar.

Cando rematou o acto, o alcalde achegouse a min e díxome:

## *Tempos de morno asubio*

-Téndoche unha man para que xunguidos coma irmáns traballemos arreo pola nosa terra.

-Hai cousas que non se pensan – resposteí. –Sen remexer no pasado, respectándonos as ideas, camiñaremos aprendendo dos nosos propios pés que, mirando un para a dereita e outro para a esquerda, xuntan os seus esforzos ó longo de toda unha vida.

*Accesit*  
*Narrativa*  
*Contos da Costa da Morte*

---



**Xulio Romero Suárez**

Xulio Romero Suárez, naceu en Camelle (Camariñas). Desde os sete anos residiu na Coruña, donde estudou BUP e COU no Colexio Fogar de Santa Margarita. Posteriormente cursou estudos de Dereito na UNED, que non chegou a concluir. Actualmente traballa nunha entidade bancaria na Coruña e reside en Pastoriza (Arteixo).

# *para nenos, mozos e vellos*

Xulio Romero Suárez

---

## NA PROCURA DO DÍA

Perfecto Loubán era o último dunha dinastía de homes dedicados á procura do día. Os Loubáns foran transmitindo de xeración en xeración a tarefa cotiá de saír na procura do amencer logrando que as tebras non se perpetuasen.

Seguindo a tradición dos seus devanceiros erguíase cada madrugada, almorzaba unha boa cunca de sopas de cascarilla, axustaba a súa boina e dirixíndose cara a corte, preparaba o carro e despois de axusta-lo adival, encirrababa ós bois con cadansúa vareada na caluga. Aínda era noite pecha cando saía cos animais camiño da Penadaiga cara ó horizonte. No camiño topaba con moitos coñecidos:

-¡A ver que día nos traes hoxe, ho!, berráballe o teixo no camiño da Gándara;

-Por min, deixa quedala noite-, pedíalle o moucho, que cazaba tan só na escuridade;

-Ai, se me trouxeras un día de sol radiante-, suspiraba a lagarta arnal, sempre desexando quentarse ó sol nas laxas dos coídos.

Os que máis celebraban a cegada da alba eran os galos, que co seu canto espertaban ó resto dos mortais.

Perfecto Loubán, sen sacar o cigarro da boca, contestaba a todo o mundo por igual:

-A toupa só quere noite  
o miñado prefire o día  
o que non se erga cedo  
vai toma-las papas frías-.

O chegar á Penadaiga paraba un intre e tras arriar unha mexada, emprendía o camiño de volta. Algunha vez, acosado dunha necesidade imperiosa, detiñase a baixalos pantalóns detrás dunha toxeira, non faltando algún coello rebuldeiro que lle saía ó paso:

-Alebura, ho  
deixa iso agora  
vai buscalo día  
antes de ir por fora-

De fronte ollaba cara as luces da vila cada vez máis cerca mentres ás súas costas amencía estendéndose a claridade do sol por toda a Gándara ata a vila. Os seus veciños máis madrugadores felicítábano pola traída do día ante a ollada indiferente dos seus bois.

Así transcorría a vida de Perfecto Loubán non tendo outra cousa que facer que encargarse ó igual que os seus devanceiros de madrugar para saír na procura do día. Polo verán erguíase máis cedo e amencía antes mentres que polo inverno, amigo como era de deixarse aloumiñar polas mantas erguíase máis tarde provocando con isto que as noites foran máis longas. Sen embargo nin el nin ningún dos seus antepasados faltaran á cita, cumprindo coa tarefa tanto con chuvia coma con sarabia desde os tempos en que o sol morría en Fisterra.

Aquel día, o noso home pasou unha mala noite por mor dunhas papas de millo que lle enredaron co bandullo e quedou durmido. Ata os mesmos bois espertaron inquedos tratando de alertar ó seu amo. O nerviosismo estendeuse entre os animais da Gándara e dos montes da Penadaiga ó decatárense de que faltaba o Loubán no seu itinerario cotiá.

Os máis madrugadores da vila viron o carro parado a carón da casa mentres os bois revolucionaban a corte para espertar ó seu amo. A nova axiña se transmitiu polo poblado e arredores e a xente saía a fora chea de desesperación temendo non volver a ver a luz do día.

Todos os veciños se concentraban diante da casa do durmiñón, que con tanto sobresalto espertaba do seu sono e mirando cara o reloxo exclamaba, levando as mans á cabeza:

-¡Arrecarallo, que se me foi o santo o ceo e imos ter noite para moito tempo-

Pero cando saía pola porta para fora a todo correr, en cirolas, facendo o sinal da cruz e axustando a boina, a multitude atónita gardaba silencio absoluto. Perfecto Loubán detíñase e ollando cara o horizonte descubría un novo amencer, cun sol de resplandecentes raios que pouco a pouco se estendían dende os penedos da Penadaiga:

¡ O día aprendera a vir só ¡.

# *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

## OS GRANS DE AREA

De todos nos son coñecidas as praias de Lobeiras nos illotes do mesmo nome e a de Arou, separadas ambas pola enseada de Xan Ferreiro e case dous quilómetros de coídos con recendo de marusía e argazo, cons, herba namora-deira e pirixel do mar.

Son as areas de Lobeiras graúdas, salvaxes e marelas mentres que as de Arou son miudiñas, grises e agarimosas.

Un día de temporal, o mar batía nas pedras e nas praias arrastrando os pelouros entre os coídos producindo unha música de percusión ben compasada:

-toco, toco, toco to.

As areas do fondo saían a superficie acompañadas polas ondas e o irmán vento, cos beizos encollidos e sen deixar de soprar, levaba tras de si nos seus remuíños grans de area das praias do litoral.

Foi entón cando unha area graúda de Loberías atrapadas nun daqueles remuíños que facía o irmán vento foi tropezar con outra miúda do areal de Arou

-¿Qué fas ti, criatura insignificante con cor de neboeiro, no meu areal?- Preguntou ameazante a Graúda-

-¿E logo ti non ves, area peideira das rudas Loberías, que o remuíño do irmán vento nos foi a xuntar?- Replicou a Miúda engurrando a faciana.

Así empezaron as dúas areas unha lirota que foi congregando a numerosos asistentes, cheos de curiosidade que acudían a escoita-los argumentos dunha e máis da outra. O corvo mariño volvía pola graúda por ser veciña dos mesmos cantís nos que batía o mar. En troques a gaivota animaba á miúda por ter a mesma cor gris das súas ás. O golfiño pegando brincos entre as onde alertaba o Pai Mar que xa adormecido deixara de bater:

-Pai Mar, Pai Mar,...dúas areas do teu litoral andan á grella na Pedra do Sal-

O mar, alertado, dirixía unha das súas ondas cara a restinga na que as dúas areas discutían:

-¿Qué vos pasa? ¿Non vedes que anque distintas sodes fillas do mesmo mar?.

Eu son que vos leva por medio do vento,  
eu son quen vos deita nos meus areais,  
son eu quen vos baña con bo ou mal tempo  
son quen vos dirixe e vos fai ser irmáns-.

Con estas razóns esgrimidas polo Pai Mar, as dúas areas calaron a boca e ó devala-la marea integráronse no medio das areas que arrastraba a resaca.

## O RAPOSO E MAIS A PEGA

Había unha vez unha pega que vivía no seu niño, na pola dun carballo, con cinco peguiños. Un día acertou a pasar por alí Pedro, o raposo, que deca-tándose da presenza da ave coa súa prole na árbore detíñase para preguntarlle:

-¿Qué fas aí Pega?-

-Estou no meu niño mirando polos meus cinco peguiños-, contestaba a pega.

O raposo tiña unha boa oportunidade para procurarse un bo xantar estando máis preocupado por encher o seu bandullo que pola situación da pega:

-¡ Ai pega!, ¿E non me poderías dar un dos teus peguiños para mata-la fame?-

-¿Ti toléache, Pedro?; ¿Cómo che vou dar un dos meus peguiños?-pre-guntaba a pega indignada.

-Mira pega, que se non me das un dos teus peguiños, arribirito o meu rabo e córtoche o teu carballo-, ameazaba o raposo.

A pobre da ave, carecendo de argumentos cos que defenderse, resig-nábase os desexos do golpe cedéndolle un dos seus peguiños. Mentres Pedro liscaba coma un foguete para o medio do bosque para saborear tan apetitoso bocado, a pega ficaba derramando un mar de bágoas pola perda do seu filliño.

Ó día seguinte presentábase de novo o raposo a carón do carballo onde aniñaba a pega cos seus pequenos:

-Bos días pega, ¿Qué tal che vai?-

-Bos días Pedro, ¿Qué raios de esparamadre queres agora?

-Queríache dicir que me prestou moi ben o teu peguiño, e posto que ti tes máis, era ben que me deras outro-

A pega, anoxada e chea de carraxe, contestáballe:

-¿Qué dis Pedro?, ¡Deixáchesme con catro dos cinco que tiña e aínda tes a fachenda de pedirme outro!. ¡Lisca de xunta o meu carballo e non volvas máis!-

-Mira pega que se non me das un peguiño, arribirito o meu rabo e córtoche o teu carballo-, replicaba o raposo.

A ave, temendo quedar sen o seu niño que era o fogar dos seus filli-ños, accedía de novo ós desexos do intruso con bagoas nos ollos:

-Toma ho, toma. ¡Aí meu Deus, meu Deus, os meus peguiños do meu corazón!-

O lambón de Pedro fuxía outra vez cara o fondo da fraga para papa-la súa presa deixando á ave chorando na pola do carballo.

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

De súpeto, acertou a pasar por alí a mazarica, que despois de oír os laios da pega decidiu achegarse ó carballo da malpocada:

-¿Qué tes pega, por qué choras?-

-¿Qué vou a ter, mazarica, que vou a ter?. Pedro, o raposo, veume a ver por dúas veces e de cadansúa fôiseme cun dos meus peguiños-

-¿E logo por qué llos deches, sabendo que el non é capaz de gabear ata o teu niño?, preguntaba outra vez a mazarica.

-Porque ameazaba con arribiritar o seu rabo e cortar o meu carballo, replicaba a pega-

-¡Ai tola, tola!. ¿Non ves que o raposo non é capaz de cortar o teu carballo co seu rabo, tola?. Se lle volve a dici-lo mesmo, contéstalle ti que nin o seu rabo corta o teu carballo, nin o teu carballo cora o seu rabo-, explicáballe a mazarica mentres se despedía dirixíndose á veira do río.

O día seguinte tornaba o teimudo raposo cun aquel de quen vai cheo de fartura:

-Bos días, pega; ¿E non che sobraré outro dos teus peguiños?-

A pega, segura de si mesma despois dos consellos da mazarica, contestáballe:

-Non Pedro, non. Non hai máis peguiños, lisca de aquí e non volvas máis-

O larpeiro do golpe, estrañado da contestación, ameazaba do mesmo xeito:

-Se non mo das, arribirito o meu rabo e córtoche o teu carballo-

-Nin o teu rabo corta o meu carballo, nin o meu carballo corta o teu rabo- contestaba a ave con firmeza

-¿Qué dis pega, quen te ensinou iso?- preguntaba o lambón.

-A mazarica, que vai na veira do río-, contestaba a pega.

O raposo, cheo de rancor, saía correndo en procura daquela cara o lugar indicado. Cando chegou ó río, foise achegando pouco a pouco á mazarica, que estaba a beber sen se decatar da presenza deste. De súpeto, Pedro, pegaba un brinco e caendo sobre ela, comíaa dun bocado, sen mediar unha palabra. A mazarica, sentindo que estaba dentro do estómago dun animal en compañía de dous peguiños, adiviñaba que trataba da venganza do lambón do raposo e dicíalle deste xeito:

-Ai Pedro, ¿A que non es capaz de dicir, “castañiñas verdes, verdes; verdes, verdes castañiñas”?-

-“Castañolos vordos, vordos; vordos, vordos castañolos”-, contestáballe Pedro, non querendo ser menos ca mazarica en medio de grandes esforzos.

-Non, Pedro, non: “castañiñas verdes, verdes; verdes, verdes castañiñas”, de novo a mazarica.



-“Castañolos vor-dos, vor-dos; vor-dos, vor-dos casta-ñolos”, repetía unha vez máis o raposo con máis dificultade.

-Así non Pedro; “castañiñas verdes, verdes;...” rectificaba a ave

O golpe que porfiaba e non quería quedar atrás replicaba:

-“Cas-ta-ño-los vor-dos, vor-dos;...”. Non podendo máis e sen decairse da astucia da mazarica, ceibaba o raposo un peido tan grande que por debaixo do seu rabo saían esta e máis os dous peguiños, quedándolle baleiro o estómago a Pedro.

Ó remate os peguiños tornaban coa pega e a mazarica para outro río, e ven por aquí ou vai por alá se queres que o conte, eu volvo a empezar.

#### A MEIGA DONA LELA E LANCELOT

Fora dona Lela de Marallos unha meiga camellaza de moita sona en toda a comarca. Presumía de ser unha feiticeira moderna. Decote acudía sempre a todos os lugares dos arredores cando se solicitaban os seus servizos. Para iso preparaba o seu “kit” de esconxuros, consistente nun maletín cuns frasquiños de auga bendita, aceite de oliveira, anís e unha mestura de líquido feitos con herbas e unhas bolsiñas cunha manchea de millo, ovos, sal, agullas, cisco de piñeiro manso, carozos do millo, unhas velas, un chisqueiro,... e montando na súa moto trincaba a lona que lle cubría a parte frontal do corpo, apertaba o pano negro da cabeza, axustaba as enormes gafas e “despegaba” co característico tucu-tucu do ruído do motor. Moitos chamábana a “Meiga do tucu-tu”.

Dona Lela non descansaba nin os domingos. Un día desprazábase a Carantoña para sacarlle o aire de morto a un neno enfermo. Queimaba uns carozos de millo con follas de pino manso e decía:

Aire enramallado  
Vai pro teu lugar  
Vai pro teu destino  
Déixame quedar.  
Vai pro teu camiño  
Defuntos de aquí  
E doutro lugar  
De mar e de terra  
Déixame quedar,

O día seguinte estaba en Xaviña quitándolle as belidas as vacas dun gandeiro:

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

Nuestra señora de Santa Lucía  
Tres agujas de plata tenía,  
Con una bordaba  
E con outra cosía  
E con outra sacaba  
Las belidas de los ojos  
A quién las tenía.  
Con la honra de Dios  
Y de la Virgen María  
Un Padre Nuestro y un Ave María.

Aquela mesma tarde achegábase a Arou para cura-la disipela a un vello percebeiro:

¿Qué traes San Pedriño de tu pueblo?  
Mucho fuego, mucho fuego  
Y otros males que no se lo que son.  
Yo te bendigo con agua de la fuente,  
Carqueixa do monte y aceite de oliva  
A la honra de Dios y la Virgen María  
Un Padre Nuestro y un Ave María.

E así curaba a moitos da tose ferina, da trisa, o mal de ollo, ... sacaba o meigallo, compoñía a panetilla, daba bos consellos e máis facía conxuros para os enfermos do males de amoríos...

A xente das aldeas da bisbarra apreciábana e respectábana. Algún cativo rebuldeiro preguntáballe se non empregaba unha vasoira para viaxar e ela sorría.

Tamén recibía moita xente na súa casa de Camelle. Algúns viñan de moi lonxe falando castelán e ela daba mostras de moita hospitalidade:

-Pasen, allégúense a la larera que agora les convido a unas cuncas de café para que se relaguen que ya les atendo y si mentira les cuento que me entre el demo en el cuerpo-.

O conto que lles quero referir contoumo ela denantes de morrer. Ben sei que xamais mentía e sempre afirmaba nos seu relatos que "se mentira vos conto que me entre o demo no corpo". Existe o rumor que pouco antes do seu pasamento sufría unhas fortes quenturas e os ollos saíanlle para fora como si estivera posesa polo díaño.

Aquel día andaba a sachar unhas patacas que sementara unha leiriña no coído da lagoa cando escoitou que laguen a chamaba:

-Dona Lela, dona Lela-

Ela mirou arredor e non viu máis ca un can detrás da parede. Pensou que quizás o dono do animal andaba cerca chamándoo, pero de súpeto, volveu a escoitar como a chamaban desde a posición na que se atopaba o cadelo:

-Dona Lela, dona Lela. Si, son eu, o can a quen vostede está ollando-.

-¡Ai mal raio!. Seica é o cadelo ese quen me fala. Ou eu toleei ou estou soñando, que aínda me entre o demo no corpo-.

-Si son eu quen fala, dona Lela. Non son exactamente un can, se non que por unha maldición me converteron no que ve-.

-¿De onde saíches?, ¿Qué queres de min?-.

-Chámome Lancelot e procedo dun reino dunhas illas alén do mar. Fai centos de anos, era eu un dos cabaleiros da táboa redonda daquel rei, nomeado Arturo de Camelot, esposo da fermosa reina Xinebra, coa que eu por obra da débil carne e do demo que non dorme cometín adulterio rompendo o xuramento de fidelidade que me dotaba do rango de cabaleiro e que pola miña traizón perdín. Veuse logo esnaquizada a felicidade do meu rei Arturo que ó decatarse do noso pecado, fora de si, lanzoume unha maldición que me pesa durante séculos e á que intento poñer fin procurando alguén que sexa quen de axudarme a liberarme dela-.

-¿Cal foi a maldición?-

-¡Que me medrara o instrumento co que cometín a miña traizón e andara polo mundo convertido nun can!-

Dona Lela, non querendo perder detalle, inclinou un pouco a cabeza e mirou cara o ventre do animal cun sorriso indiscreto:

-Abofé que che medrou, se mesmamente semella o tronco dun carballo con dúas boias de balizamento-.

-A min non me fai gracia ningunha-, respondeu o can.

-¿E cómo chégache aquí?, ¿Cómo me atopaches?-

-Espere, non corra tanto. Estiven nas illas británicas durante varios séculos errando polos verdes prados e polos pobos e cidades, procurándome alimento nas cañerías e nos cubos do lixo e soportando o acoso do rei Arturo que na figura dun corvo aparecía de vez en cando e me soltaba un fétido chorro por debaixo da súa cola dirixido á miña cabeza. Así vivín atormentado ata que un día decidín que xa abundaba, e lembrándome dunhas máxicas terras dun reino chamado Galicia, das que oíra falar o meigo Merlín, embarquei de incógnito aproveitando a escuridade dunha noite do inverno de 1897 nun vapor que se dirixía a Calcuta na procura de animais salvaxes para o zoo de Londres, pasando pola costa daquel reino. Tiña eu pensado lanzarme ó mar e nadar ata a costa

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

ó chegar a aquel país, pero cal foi a miña sorpresa, que ó navegar polo seu bretemoso litoral, o buque perdeu o rumbo e naufragou na costa de Arou nun baixo das Lobeiras. Nadei ata alcanzar a praia, ó mesmo que moitos tripulantes que lograron salvarse, e dende aquela vivo esperando por unha meiga que me libere do meu feitizo, tornándome á miña figura de cabaleiro e que me axude a buscar a maneira de volver onda os meus devanceiros na misteriosa illa de Abalón, agochada no medio das brumas do mar do fin do mundo. Tiven a sorte de oír falar de vostede e seguín a súa traxectoria, como para estar seguro de que é vostede a persoa que eu ando buscando ó longo desta miña indesezable eternidade-.

A meiga dona Lela de Marallos, escoltando con cara de ollo mol o relato do feitizado, non puido nada menos que exclamar:

-Deixáchesme aturrillada, se mentira che conto que aínda me entre o demo no corpo. Pero vente mañá a este mesmo lugar que buscaremos a maneira de atopar remedio ó teu mal-.

Despedíronse ambos, satisfeito Lancelot coa esperanza de ver o seu desexo cumprido, e contenta a meiga de atopar un novo desafío.

O día seguinte aparecía a meiga co seu tucutú portando o kit de esconxuros termado ben do manillar e trincando a lona que a illaba do vento mentres conducía. O can Lancelot xa estaba esperando nunha laxa, sentado cunha lixeira inclinación para non pisar aquilo que tanto lle avultaba.

-Bos días-, dixéronse reciprocamente.

-Tráioche un remedio que si o cumpres tal como cho digo, acadarás o que tanto anhelas, pero tes que superar tres importantes probas. Se mentira che conto que aínda me entre o demo no corpo-, espetou dona Lela de Marallos.

-Conta, conta, conta,...-

-Espera e escóitame:

Na primeira das probas tés que dirixirte á Braña do Lazo en Arou, e busca-la pedra de "apretaosdentes" a carón do muíño que hai xunto o río. Debes ir nove noites seguidas, ouvear nove veces cada noite. Despois tes que fregar nove veces contra o penedo aquilo que a honestidade non permite nomear e que foi por onde realizaches o teu pecado...

-Che, Che, Che,...¿que teño que fregar o meu... nove veces contra un penedo?-

-¡Non me interrompas!. Eso foi exactamente o que dixeron e trata de facelo con sentimento e con forza se non, non che serviría de nada. Tamén tes que pronunciar este salmo purificador que che deixo escrito neste papel. Así, ós nove días recuperarás o teu corpo de home. Despois vente de noite e péta-

me na porta que che direi o que tes que facer nas seguintes probas para poder emprender o camiño á illa de Abalón-.

O can Lancelot, marchou cos beizos caídos, ollos tristeiros e a caluga baixa, consciente do que se lle aveciñaba pero ó mesmo tempo decidido a levar a cabo aquel estraño rito, que consideraba unha especie de penitencia para purificarse do seu pecado. Aquela mesma noite achegouse ó muíño da braña do Lazo, procurou o petón, e apertando os dentes e pechando os ollos tras encomendarse a San Chipirón, pronunciou entre dentes o salmo que lle dixeran a meiga:

-Eu era devoto de San Carallán  
e andaba decote coa gaita na man  
un meigallo transformoume nun can  
coa ferramenta colgando ata o chan.

Arre burro ven  
Marcha can para aló  
As forzas do ceo  
Veñan cara nos-.

Estricou as pernas achegando as súas vergoñas á granítica e fría pedra, principiando o conxuro como si estivera serrando o tronco dun carballo de cen anos. O pobre do can suaba e os ollos parecían querer saír disparados coma foguetes. De vez en cando bufaba como si estivera parindo e o temor a que algún ser vivo pasase por alí mantiñao vixiante no medio de tanto sufrimento.

Que dicir, se non que así foron pasando os nove días de penitencia cumprida tal como a meiga lle dictara ata que Lancelot recuperou a súa figura humana. Cando foi á casa da meiga co seu novo aspecto, esta quedou abraída ó velo:

-¡Meu querido Lancelot!, ¡Quién te veu e quen te ve!-.

-Pois aínda non me viches ben, coma nos meus mellores tempos-, contestou Lancelot cos ollos encovados, a faciana engurrada e as pernas escarranchadas, destacando a expresión de sufrimento cada vez que daba un paso.

-¿Cal é a seguinte proba que teño que levar a cabo?-, preguntou con cara de cansazo.

-Tes que ir a nove das romerías que nestas terras acostuman celebrar-se, participando da devoción popular que atoparás nelas, congregándote arredor do santuario e do obxecto que recibe o culto como vexas facer ó resto dos devotos, empezando pola do Espírito Santo de Camelle. Así recuperarás a pureza que perdiches de cara as forzas telúricas da bondade do universo. Cando remates, volve a onde a min. Deséxoches moi boa sorte-.

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

Lancelot, motivado polas ganas de viaxar á illa de Abalón, non dubidou en afrontar esta nova proba empregando para iso tres meses ó cabo dos cales tornou ante a presenza da meiga dona Lela de Marallos.

-¡Dona Lela!, ¡Dona Lela!, xa estou de volta!-

-¡Caramba!, e como che mellorou o aspecto. Semellas un galán de cine, cun pouco de bandullo, eso si. ¿A qué romerías fuches?;- preguntou dona Lela.

-Empecei pola do Espírito Santo de Camelle, como vostede me suxeriu. Seguín pola de San Percebe en Corme, Santa Pataca de Coristanco, San Carneiro ó Espeto de Mazaricos, San Berberecho de Valdaio, San Longueirón de Fisterra,...e así outras tantas do voso país. Congregueime arredor do obxecto de culto coma o resto dos devotos e participei dos seus santos banquetes. Abofé que na miña vida comín tan ben. Nin na derradeira cea do Señor ían tan cheos.

Dona Lela, ollou cara Lancelot cunha mirada inquisidora sen querer entrar en polémicas e dou a proba por válida. Estaba claro que non era aquel o tipo de devoción que ela esperaba pero certamente cumprírase o pactado. Foi entón cando pasou a detallar a última e decisiva das probas para que conseguira deshacer o meigallo do cabaleiro e así poder este continuar o seu camiño á illa de Abalón:

-Meu querido Lancelot, estás na derradeira aventura para acadalo teu desexo. Debes dirixirte á lagoa de Traba e tomar unha chalana que atoparás na orela. Logo terás que remar cara o interior daquela ata que a brétema te faga perde-la visión do entorno. Nese momento recibirás unha sinal do ceo e a continuación outra das profundidades. Será cando emprendas a túa viaxe no medio das brétemas ata chegares á misteriosa illa de Abalón-.

Lancelot, emocionado e ó mesmo tempo ilusionado despediuse da meiga dona Lela anhelando o momento para poder partir. Dirixiuse á lagoa e alí atopou unha chalana con remos varada entre os xuncos e as espadanas. Subiu a bordo e empezou a vogar cara o interior do lago no medio da brétema. Xa cuberto pola néboa e no medio dun gran silencio, agardou ansioso polo sinal do ceo, tal como predicira a meiga. De súpeto sentiu bater as ás dun parrulo salvaxe e mirou cara arriba. A ave soltou un chorro pastoso aínda quente na testa do noso home, que ó senti-lo impacto levou á man á cabeza. Era merda. Cheo de carraxe e lanzando mil improprios maldiciu á feiticeira lembrando as súas palabras "recibirás unha sinal do ceo...". Pero a ira aumentou cando notou os pes mollados e comprobar que lle faltaba o tapón do desaugue no chan da chalana e esta estaba afundíndose.

-¡Unha sinal do ceo e outra das profundidades!, me cago na meiga. Menos mal que non era unha sinal do inferno, se non, Deus sabe o que tiña eu que esperar-.

A cuestión é que Lancelot desaparece unas profundidades do lago. Ningún rastro foi atopado, a embarcación tamén desapareceu e a brétema dissolveuse sen deixar rastro. A xente acabou sabendo o conto e dona Lela encargouse de difundilo. Hoxe en día corre o rumor de que a lagoa é un lugar de paso para as aves e tamén para un misterioso mundo perdido no medio das brétemas. Moitos mariñeiros escoltaron voces nos días de borrasca no medio do mar:

“De Camelle a Camelot,  
de Camelot a Abalón  
por culpa dunha xinebra  
case perdo os meus collóns”.

#### O TESOURO DO POLBO

Corría o outono de 1890 e o cruceiro inglés, *The Serpent*, procedente de Plymouth con destino a Serra Leona atravesaba a costa galega procurando a referencia do Cabo de Fisterra. Sopraba un forte vento do oeste, o mar era durísimo e a brétema cubría co seu manto a escasa visibilidade da noite. Estas circunstancias adversas provocaron que o buque fora arrastrado contra os baixos da Punta do Boi polas traizoeiras ondas provocando un dos maiores desastres daquela costa: máis de 170 mortos e tan só tres superviventes. Acerca desta traxedia consumíronse ríos de tinta, pero un misterio quedou sen resolver: o tesouro que transportaba, consistente en dous cofres de moedas, dos que só un parece ser que foi rescatado e que ían destinadas as colonias británicas africanas para sufragar os gastos militares. O intento de recuperación desenvolveuse en segredo, participando outros barcos da mariña británica con escuras razóns.

A recuperación da meirande parte do armamento, munición, etc...tivo lugar nos días seguintes ó naufraxio. Nos anos vinte do pasado século os buzos e balandros camelláns encargáronse de extraer gran parte dos restos, pero foi nos anos sesenta cando se realizou a derradeira extracción dos restos xa enterrados na area, na lama e entre os cons...difundíndose o rumor de que varias moedas de ouro foran atopadas. Sucesivas prospeccións, raiando a ilegalidade, foron levadas a cabo por buscadores de tesouros que nunca chegaron a desentraña-lo segredo do polbo:

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

O noso home era un afeccionado da ribeira. Acudía a miúdo, aproveitando a baixada da marea, ás pedras do litoral de Reira, á Punta do Boi, Cabo Veo,... Portaba unha xeira, unhas barbadeiras e un raño e coas súas botas de goma revirando pedras na procura de polbos, ourizos, barbadas, etc...

Aquela mañá saía o sol, o mar estaba calmaña e non había vento nin borraqueira. Buscaba unha ferga onde chantarlle o raño a un bo polbo, e así foi: adiviñábase un oco entre unha pedras cuberto con brillantes cunchas de mariscos entre as que parecía ollarse as ventosas dun cefalópodo. Achegou o raño con coidado e arrastrouno cara fora atrapándoo coa man. O polbo estirou os tentáculos tentando fuxir mentres o noso pescantín lle liberaba as cunchas que prendían dos tentáculos. Cal foi a súa sorpresa o decatarse de que unha era redonda, dourada e cuns debuxos difíciles de distinguir polo paso do tempo e a acción do mar.

Ceibou ó polbo preto das pedras onde fora atrapado e mirando arredor, decatouse de que estaba só. Chimpou a moeda dourada no peto e tornou para casa, contento coa pesca daquel día.

No camiño de volta atopou a un veciño da aldea, desexosos de coñecer o resultado da pesca:

-¿Qué tal che foi hoxe?, ¿Mataches algo?, ¿Cómo liscas tan cedo baixando como está a marea?-.

-Decidín ir a buscar a ferrada para apañar miñoca na ría e ir de pesca ó subi-la marea-, contestou entre nervioso e dubidoso apurando o paso.

Ó chegar á casa ensinoulle con ansiedade á súa muller o produto da súa captura acordando manter o segredo.

Ó día seguinte volvía outra vez á ribeira buscando a mesma ferga esperando atopar o mesmo polbo. Non foi casualidade que o cefalópodo se atopase no mesmo lugar, cuberto unha vez máis de cunchas brillantes deixando entrever parte dos seus raios. O pescantín achegouse cautelosamente e deixando o raño aparte decidiu introducir a man entre as pedras mentres o mar o anegaba ata os xeonllos. Sostivo á presa na man separando as cunchas ata dar con outra moeda dourada. Deixando ó polbo na súa ferga tornou ansioso cara terra zarrapicándose de auga, esquecéndose do raño.

O veciño da aldea volvía a atoparse con el no mesmo lugar decatándose do seu estraño proceder:

-¡Bos días, compañeiro!; seica ves de face-la marea. ¿Xa enchiches a xeira?-.



-Non, pero lembreime de que tiña que facer un traballo que non pode esperar e vou para a casa axiña-

-Home, paréceme ben, pero esqueceste de leva-las barbadeiras e máis o raño-

-Tes razón, ando coa cabeza no aire-

Despedíronse os dous sen ollar para atrás o pescantín e provocando receos no seu veciño que empezou a sospeitar daquel estraño comportamento.

Unha vez na casa congratuláronse el e máis a súa muller. Aquel polbo era un tesouro semellante á galiña dos ovos de ouro e tanto el coma a muller decidiran garda-lo segredo entre as paredes do seu lar. Aquela noite xa non dormían esperando a que chegase o novo día para acudir ó asexo no devale da marea.

Saía o sol por detrás do cumio do Monte Branco e unha case transparente cortina de brétima con ulido a argazo estendíase dende o Cabo Vilán ó Cabo Veo. Escoltábase a serea do faro e na alta mar faenaban varias embarcacións. O pescantín camiñaba con paso decidido cara o mesmo lugar. De vez en cando ollaba arredor buscando presenza humana para que non se descubrise o seu segredo. Aquel día alguén se anticipara. Aquel veciño agradaba detrás dun coído esperando satisfacer a súa curiosidade.

Deixou a ferrada, a xeira, o trueiro e as barbadeiras enriba dunhas pedras e foi directo á ferga do polbo. Alí estaba, coma cada día, escudándose nas cunchas e outra vez coa bendita moeda de ouro. Todo foi chegar e encher; o polbo coma cada día abrazando a súa moediña semellaba estar reservádoa para aquel home, que cobizoso arrincáballa de entre os tentáculos para introducila na faldriqueira.

Na mentres tanto, o veciño curioso ollaza a unha distancia prudencial a manobra do pescantín sen adiviñar de que obxecto se trataba. Agardou a que este devolvera o polbo e liscara coma sempre con paso lixeiro e ó parecer máis que satisfeito por aquel obxecto que acadara do cefalópodo. Achegouse ás pedras onde o ceibara e cando se decatou da súa presenza chantoulle o raño ata atravesarlle a cabeza. Logo examinouno tratando de descubrir o segredo que tan gardado tiña o pescantín pero non atopou nada.

Aquela noite o polbo, que nada tiña de especial, acabou na ola do curioso nunha boa caldeirada.

O pescantín tornaríase nos días sucesivos cacheando desesperadamente, pero o segredo do tesouro das moedas de ouro desaparecera. O segre-

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

do acabariase por descubrir co paso do tempo e o rumor da existencia dun tesouro daquel barco movería a moitos espoliadores durante anos a rebuscar naqueles baixos.

### O POTE ENCANTADO

-¡Mentecato sube ó ceo, Cristo da Revolta!-, así lle axeitaban dicir cando vían pasar a Pepiño Sansomedá e este alporizado e tateando replicáballes:

-¡Me-me-me-me cago na p que te pariu!-

Tardaba tanto en arrancar que mentres repetía o me-me-me- axudábaselle dicíndolle mentecato, de aí o alcume. Camiñaba todo lombeiro, trencos e sempre coas mans nas faldriqueiras. As pálpebras sempre as tiña medio pechadas ademais de ter un ollo pego e os beizos caídos. Máis chamaba a atención as dúas grandes orellas tesas ben visibles ó carecer de cabelo que flanqueaban unha non menos desproporcionada nariz. Vestía camisolas do Real Madrid, dos Suaves ou de Iron Maiden, a pesar de ser un afervoadado admirador de El Fary. Ós seus vinieses anos era a súa nai, que o tivera de solteira, a única que miraba por el. Os seus paisanos considerábano o parvo do lugar:

-¡Mentecato!, ¿Qué mozas che gustan máis?-

-As do país, as do país, gordechás e con teteira-

-¡Mentecato!, ¿a quen lle vas a votar nas eleccións?-

-Ó Real Madrid!-

-¡Mentecato sube ó ceo, Cristo da Revolta!

-Me-me-me-me cago na p que te pariu-

Mentecato cobraba unha pensión da seguridade social, como el dicía, por parvo. O equipo médico que o examinara atribuíralle unha incapacidade psíquica crónica. Sen embargo el afirmaba que suspendera os exames psicotécnicos, psicolóxicos e psicodélicos e desde aquela era empregado do Estado coma os que dirixían o país. A súa vida transcorría sen sobresaltos: erguíase á hora de xantar, cando súa nai lle puxera a comida na mesa, e logo dirixíase á taberna da Pescadora para sentarse nun tallo cunha cervexa que lle duraba ata á hora da cea que puntualmente lle prepararía á nai. Á taberna chamábaselle a Moncloa e alí xuntábase unha nutrida confraría de loubáns con callos e sucie-

dade nos dedos de tanto soste a botella e máis o cigarro. Algún máis ousado abría de vez en cando o xornal do día para extraer algún tema sobre o que discutir. Mentecato escoltaba a uns e a outros e decía:

-Ai si, eso si-.

E despois de tan erudito razoamento tomaba un grolo da botella de cerxexa, sen decatarse moitas veces de que xa facía tempo que estaba baleira. De vez en cando practicaban algo de deporte botando unhas partidas ó fútbolín ou ben a xogos que requirían unha gran concentración coma o tute ou a brisca. Mentecato non entraba na xogada alegando que a noite pasada non durmira abondo.

Un día, Mentecato, quedou obsesionado por un dos temas tratados nunha das sesións plenarias da Moncloa. O Garulo afirmara vehementemente que entre as ruínas da casa do abade e o río, na abandonada aldea de Sabadelle, existía un pote enterrado cheo de ouro.

Dende a noite que oíu o conto o eco das verbas do Garulo resoaban na súa cabeza:

-“Entre as ruínas da casa do abade e o río, na abandonada aldea de Sabadelle”, “un pote enterrado cheo de ouro”-.

Aquela noite non conseguía conciliar o sono. Mira que si fora certo a existencia daquel tesouro do que o vello Garulo escoitara falar ós seus devanceiros. Cavilaba na súa nai, nunha casa nova máis grande ca do señor crego, nunha moto coma a do practicante e vestir coma un xerifalte. Ata as mozas se fixarían nel.

Ó día seguinte ergueuse cedo, calzou unhas botas da ribeira que nunca tivo necesidade de usar e colleu o camiño de Traba con rumbo a Sabadelle. Aquela madrugada serviulle para ver coma era un amencer e descubrir que o sol saía polo oriente. Preocupada pola presenza doutras persoas, camiñaba con paso lixeiro cubrindo a cabeza cunha gorra escura seguindo camiños pouco transitados. ¿Qué lles ía explicar si o atopaban alí a aquelas horas?. Unha vez en Sabadelle buscou as paredes da casa do abade cubertas de hedras e silveiras. Despois de calcular a distancia do río buscou un punto medio entre este e a casa e votouse a cavar co sacho. Na súa vida tanto suara, quizás porque nunca dun sacho termara. Vendo que nada encontraba empezou

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

a dubidar do relato do vello da taberna. Entón apareceu enriba da parede unha bubela que o miraba fixamente e lle dícía:

-busca, busca,busca,...-

O noso home seguiu sacando terra con afán dando por feito que aquel paxaro era un enviado do ceo para que non desistise da súa empresa. Cal foi a súa sorpresa ó tropezar coa punta do sacho nun obxecto metálico. Tratábase do tello dun pote. De súpeto comezou a sacar terra mentres o seu corazón late-xaba a gran velocidade. Cada vez adiviñábase mellor a figura dun gran pote escuro que de seguro contiña un gran tesouro.

Mentecato atopara o pote. Despois de desenterralo integramente cus-pui ó chan, tirou o sacho e votou unha ollada arredor por se alguén o expiaba. Chegara o momento: agarrou o tello coa man fixando a mirada no interior do obxecto atopado e de súpeto empezou a saír unha fumareda perfumada. A con-tinuación saía unha moza de pel moi branca, con longas trenzas de cabelos lou-ros semellantes a cadeas de ouro e brillantes ollos azuis coma o mar. Aquela muller era o tesouro.

Por un intre, Mentecato quixo preguntarlle que fixera co tesouro, pero a fermosura daquela moza obrigouno a esquecerse do seu ruín afán por atopar riquezas.

A moza, ollando cara o seu descubridor, argallou as primeiras palabras:

-Hola meu príncipe azul, meu cabaleiro salvador. Son a moura encan-tada que séculos levo esperando ó home dos meus pensamentos que un día chegaría onda min para arredarme deste encantamento cun bico de amor e facerme mortal para compartir a miña vida con el-

Mentecato, preocupado aínda pola situación do tesouro, despois de escoitar as razóns da moura dos cabelos dourados e ollos azuis, sen darse por aludido mirou cara ambos lados e cara atrás non adivinando a presenza de nin-gún príncipe azul nin cabaleiro salvador e contestoulle cos seus beizos caídos e as pálpebras dos ollos medio pechadas:

-¿Refírese vostede a min?-

-Si meu amor-, contestou a moura con doces palabras, e agarrándose a el doulle un bico na boca con tal intensidade que o feitizo daquela muller desapareceu pero o parvo do rapaz quedaba ameigado de amor por ela.

Regresaron os dous ó pobo. Camiñaban sen dicir palabra collidos da man e intercambiando olladas cómplices. Por primeira vez na súa vida a

Mentecato abríanselle totalmente as pálpebras dos ollos mantendo a cabeza ergueita.

Os dous namorados cruzaban a praia denantes de entrar no pobo. Pasaba Lelo de Xan coa burra que ó velos quedou abraiado da fermosura daquela muller, estrañándose que fora o parvito quen a acompañaba.

-¡Mentecato sube ó ceo, Cristo da Revolta!

Pero o noso home non reaccionaba coma outras veces:

-Bos días, Sr. Lelo, vaia vostede con Deus-.

Cruzaron a praia en dirección ás primeiras casas, totalmente abobados, coma dous enfermos do corazón. A xente admirábase da beleza daquela moza así coma da complicidade que mantiña co coñecido rapaz.

Pasaron dúas semanas e os amores da parella eran coñecidos en todas as aldeas e pobos circundantes. Algunhas xentes achegábanse ó lugar para velos pasear polo paseo marítimo ou pola praia: todos eran agarimos, sorrisos, verbas namoradas, brillo nos ollos...el e máis a súa loura dos ollos azuis.

-Disque a atopou nun pote enterrado nas ruínas de Sabadelle-, dicían algúns paisanos.

-¡Que pavelo!, sempre contestando con sorna, pero fai ben, non ten por que contarlle a ninguén a súa vida-, dicían todos. Só o Garulo, sospeitaba daquela versión, na que nin el mesmo creía.

Mentecato foi cambiando a consecuencia daquel amor. Estaba enfeitizado e a súa nai contemplábaos con felicidade. O seu fillo camiñaba cada vez máis dereito, vestía ben, falaba con propiedade escoitando antes á xente, a súa mirada e os seus xestos tan aquelados conquistaban ó resto dos mortais. Chegaron as festas do pobo e os mozos fixébanse con envexa naquel que antes parecía parvo. As mozas peiteábanse coma a loura dos ollos azuis mentres reprochaban ós seus pretendentes a carencia dos xeitos que Mentecato posuía. Velaí están na sesión vermouh bailando un “sólo te pido”.

Sólo te pido

Sólo te pido

Que meagas la vida agradable

Si decides vivirla conmigo.

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

A súa nai non podía conter a emoción de tanta dicha e os maiores do pobo contemplan como bailaba un pasodoble con aqueles “farois”, aquelas “verónicas”, uns pasiños adiante, outros atrás, unhas reviravoltas e ó remate ela deixábase caer cara atrás mentres el a sostíña co brazo esquerdo para rematar con un bico dentro da aureola do brillo dos cabelos louros e os seus ollos azuis.

### O CARNEIRO ENCANTADO

Pasara o verán e as mareas cambiaran. Os homes preparábanse para pasar un longo inverno deixando atrás uns meses de abundante pesca. Moitas das embarcacións eran arrastradas pola rampa de gastadas lousas para pasar unha tempada en seco. As mulleres empezaban coma cada ano ó principiar o outono a súa asistencia ás escolas para palillar. Sabían que eran elas agora as responsables de soste economicamente á familia. As primeiras resacas arrasaban abundante argazo ata as praias a onde os homes acudían coas orquillas e os unciños para facer pilas a carón da praia. Unha vez seco, sería empregado para abonar as leiras.

Lelo da Area, natural de Traba de laxe pero camellán de adopción por casar cunha moza do pobo, fora na procura do argazo ata as mesmas praias do seu lugar de orixe. Despois de xuntar unha cantas pilas que deixou a secar emprendeu o retorno a Camelle seguindo o antigo camiño real non sen antes deixar de visitar os bartoliñas, familia da que procedía.

Con paso lixeiro para que non o collese a noite dirixíase a Camelle cun anaco de boroa que lle dera a súa nai e que pensaba entregarlle á súa muller, a quen lle consolaba.

No camiño de Borrallas sentiu tocar unha gaita. A música parecía proceder dos penedos do monte da Roa. Para saciar a curiosidade, achegouse ata aquel lugar pero o son da gaita foi a menos ata desaparecer. Foi entón cando atopou un carneiro que sentado nunha laxa ollaba cara el sen inmutarse. Lelo da Area ficou ollando cara a besta mentres esta facía o mesmo como si se estiveran estudiando un ó outro.

O animal non parecía ter dono e Lelo coidou que si o levaba á casa o contento para súa muller ía ser total: un bo anaco de boroa e un carneiro cebado. Sen pensalo dúas veces e vendo que o animal non ofrecía resistencia, foi Lelo decidido e cargou con el ó lombo termando cunha man dos pes dianteiros e coa outra os de atrás.

Ía o noso home coa besta ollando as luces do pobo ó lonxe cando xa ía sendo noite coa cara de felicidade inmerso nas súas cavilacións:

-¿E si ten dono?, ¿E si mo reclaman?, non pode ter dono porque non se lle ve ningunha sinal polo corpo. E si ten dono que mo reclama, eu nada roubei se non que o atopei só no medio do monte. Ademais así solto e a estas horas

Ó levar un anaco camiñando empezou a suar decatándose de que o carneiro parecía pesar cada vez máis. Lelo torcía a cabeza e ollaba cara o animal, o cal non apartaba a vista do seu portador. E cando as olladas se encontraban o carneiro ría. Lelo viraba a cabeza e alegrábase da curta distancia do seu pobo. Pero o peso daquela carga parecía aumentar e o portador tornaba a virala cabeza para descubrir a ollada do carneiro que de novo ceibaba unhas gargalladas infernais. O medo principiaba a apoderarse do ánimo do da Area, a quen o peso do animal xa se lle facía insoportable. Na derradeira ollada que Lelo dirixiu ó animal comprobou que a gargallada era máis intensa ademais de deixar un forte olor a cofre e despedir unhas verdes luces dos seus ollos. Foi entón cando Lelo, austado, ceibou á besta, a cal, empezou a correr monte arriba sen mirar atrás berrando:

-¡Cucurujú, Lelo da Area quentoume o cú!-

# *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

## AS EOLICAS

Dicía o amigo Man, o alemán de Camelle, que a vida é un circo. Efectivamente todas as cousas e a mesma creación parecen xirar arredor de algo: cada día o sol sae polo leste para desaparecer polo oeste, despois do día ven sempre a noite, as estacións do ano sucédense ciclicamente desde que o mundo é mundo, as mareas e os astros seguen a mesma dinámica e porque non dicilo, tamén o ánimo das persoas ten os seus ciclos. Nunha vida mariñeira é doado decatarse ca compañía do mar, dos ventos, dos ceos, das partidas e arribadas, ... que esto se cumpre. O conto que agora vos vou a contar ten lugar na costa camariñana cando xirando e xirando en nome do progreso chegaron as eólicas ó reino do vento.

Aquel día tiveron que reforzarse as pontes e anchar as estradas. Apareceron os camións cargados con enormes columnas metálicas que se foron despregando a través das enormes pistas construídas ó efecto. Cos brazos abertos foron estendéndose en ringleira polos cumios a carón da costa. O bruído das máquinas, a tala das árbores, o asubío do xiro das aspas e a destrución da vexetación acabaron alertando ós animais da zona.

Unha noite celebrábase no piñeiral do monte da Gurita unha xuntanza da fauna, inqueda e asustada, da Serra de Pena Forcada motivada por aqueles acontecementos:

-Eu dígovos que son enormes espantallos que nos traen os humanos para que fuxamos todos-, declaraba un corvo con faciana seria e de preocupación.

-Pois eu coído que se trata dunha nova especie de árbore para reforestar os montes en pro dos beneficios económicos, como levan facendo fai tempo cos eucaliptos-, afirmaba o raposo.

Os lobos sostiñan que eran máquinas de producir vento para airear aquelas montañas o xabaril que se trataba de máquinas bailadoras para animar a soidade da paisaxe...e así cada un tiña a súa versión.

-Sexa o que sexa, -declaraba o respectado e sabio Moucho de Carantoña-, debemos ser cautos e permanecer xuntos. Buscaremos a maneira de defender o noso hábitat e concienciar ós humanos de que están causando moito dano á nai natureza-.



-Estiven ouveando toda a noite e non fuxiron-, replicaba o lobo, consciente do medo que infundía no resto dos seres.

-Eu ensinei a miña denteira con carraxe e nin se inmutaron-, dicía o xabaril.

Tras arduas deliberacións naquel consello animal acordouse redactar un escrito, asinado polo Moucho de Carantoña dirixido ós alcaldes dos concellos afectados, Camariñas e Vimianzo:

“Estimados humanos:

Queremos facervos chegar a nosa repulsa e indignación pola repoboación dos nosos montes deses estraños aparellos que en nome de non sabemos que razóns trouxeches ós nosos fogares, destruindo o noso hábitat e afeando a nosa paisaxe sen respectar os nosos dereitos históricos nin contar coa nosa opinión.

Así mesmo desecamos transmitirvos a nosa alarma, preocupación e incerteza e pedirvos que nos devolvades o noso espacio natural orixinal, desistindo na actitude de destrución da nai natureza, da que tanto necesitamos e que tan pouco precisa de vos.

Asinado, no nome dos animais  
O Moucho de Carantoña.”

Unhas pombas mensaxeiras eran as encargadas de deixar cadansúa copia deste escrito nas ventás da casa do Concello tanto en Camariñas como en Vimianzo. Pero aquelas cartas caían en faldriqueira rota e os muíños de vento seguían a estenderse polos cumios de Santa Mariña, Brañas Verdes, Arou, Carantoña, Casa do Prado,...mentres a fauna fuxía atemorizada, ¿Quen lles ía facer caso a uns simples animais salvaxes?.

Así as cousas, xuntábanse de novo os animais presididos outra vez polo sabio Moucho no Piñeirral da Gurita para decidir entre todos que medidas tomar, acordándose celebrar unha gran manifestación nas prazas dos Concellos en Camariñas e Vimianzo.

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

O día “d” concentrábanse nas entradas dos citados pobos unha multitudinaria marcha de animais que con pancartas e consignas reivindicativas transitaban polas rúas con paso lento ó berro de:

-Nunca máis, eólicas ilegais.

Naquel multitudinario defile ollábanse lobos, raposos, teixos, xabaris, donicelas, coellos, cabalos bravos, esquíos, toda clase de réptiles e aves,...con pancartas nas que se podían ler:

“Eólicas, non gracias”, “Muñños nunca máis”, “Esiximos os nosos dereitos”, “Pola conservación da natureza e a vida salvaxe”, “Bautista e Lema, dimisión”, “Goberno xenocida”,...

A xente fuxía atemorizada pechándose nas casas. A garda civil e a policía local víase impotente ante tamaña congregación de animais que coreando “Nunca Máis, eólicas ilegais” se dirixían ás prazas dos concellos.

Inmediatamente o presidente do Goberno autonómico era informado de tan exótica e exuberante protesta:

-Si, si, Sr. Presidente, que son animais salvaxes protestando pola instalación dos parques eólicos nos seus montes-, informáballe Bautista, o alcalde de Camariñas.

-¿Cómo que non?, pois ofrézalles cartos coma cando foi do Prestige-

-Pero, Sr. Presidente, non queren cartos. Son animais e só reaccionan por intestinos-

-Querera vostede dicir por instintos, Sr. Bautista-

-Si, Sr. Presidente, por intentos-.

O alcalde de Vimianzo, máis ousado, comunicábase co presidente autonómico, dándolle bos e sabios consellos:

-Sr. Presidente, si fora eu, enviaba halicótaros Apache para que disparasen arreo ata non deixar nin un bicho-.

-Por favor, Sr. Lema, non diga vostede barbaridades-

-Cos halicótaros Apache, coma os americanos e israelitas, sr. Presidente-, insistía o alcalde de Vimianzo.

-¡He dicho que no! (cando se enfadaba o presidente contestaba en castelán)-.

A manifestación rematará, regresando os animais ós seus lugares de orixe. Reinaba entre eles a ledicia e satisfacción polo éxito no número de asistentes e a esperanza dunha resposta positiva no futuro por parte dos humanos. O lobo regresaba abrazado á egua, o xabarl ó raposo, a aguiá cunha pomba, un cabalo cun teixo, un coello cun miñado, unha miñoa cun pardal,...todo eran parabéns e nin nos tempos en que viaxaran na arca de Noé tiveran tanta irmandade.

Sen embargo no Goberno da Xunta algo se movía, pero non do xeito esperado por aqueles animais. O Gabinete de crise acordaba despois de arduas deliberacións reunir a todos os cazadores do reino e levar a cabo unha batida dende o Vilán ó Monte Faro. Desfilarán os miles de gaiteros que participaran na investidura do presidente da Xunta tocando o himno do antigo reino de Galicia para escorrentar ós animais, mentres os cazadores a carón deles dispararían a cada peza que se movera. Pero aquela decisión foi escoitada polas ratas do Parlamento Galego, que axiña se poñían en contacto co Moucho da Carantoña para darlle a coñecer tal resolución. Os animais domésticos que ata o de agora permaneceran neutrais decidían saír en apoio dos salvaxes.

O cabo de tres días varios camións cargados de cazadores e gaiteros dirixíanse pola estrada de Fisterra cara Vimianzo e Camariñas. Non esperaban esta vez que miles de cabalos, burros, vacas, cans, galiñas, ovellas, carneiros, parrulos, porcos,...impediría o paso obstaculizando a marcha do convoi. As cousas empeoraron cando os cans dos cazadores se situaron do lado dos animais.

Os mariñeiros de toda a Costa da Morte volvían do mar sen capturas. Os pescadores da ribeira tampouco pescaban, os peixes non picaban posto que estaban en folga de fame.

O presidente da Xunta, contrariado, telefonaba ó do estado explicndo a situación e pedindo reforzos:

- Deseo que nos envíen lo mejor de nuestro ejército para paliar la situación-
- Les enviaré los tercios de la legión-

Pero, cando os efectivos militares estaban dispostos a partir, a moral das tropas decaía ante outro grave suceso: a mascota da lexión, a cabra, enfermara e decidira entrar en folga de fame.

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

Os animais, que non desistían do seu empeño de acadar reforzos, enviaban a outros lugares do mundo mensaxes solicitando solidariedade e apoio a través de internet, móbil, fax,... Axiña se fixo notar aquel apoio. Desde todos os lugares de España chegaban representantes de todas as especies, como si dunha peregrinación a Compostela se tratara. De cada currunchito do mundo diversas asociacións de animais facían chegar o seu apoio: Raposos sen fronteiras, Monos Unidos, Elefantes All Over The World, Tigresas Pop-Start, Mexican Chiapas-Pote Eagles, Baleas D.F.E.C. (Baleas desaparecendo por falta de escrúpulos comerciais), Mazaricas del Gay-trinar, Wo Chi Foi Panda, King Lión from África Association, Save a Miñooca do Baixo Amazonas, Doin Doin Canguros,...

Todos estes acontecementos percorrían o mundo. As principias cadeas televisivas non paraban de retransmitir estas novas: “Rebelión de animais en todo o planeta. A liorta principiou no finisterre español a causa da instalación dun parque eólico. Compre atopar unha solución pacífica ó conflito”.

O presidente da nación aparecía na televisión xunto co xefe do Estado, representantes da Unión Europea e do Alto comisionado de Nacións Unidas pedindo calma e falando de globalización, consenso, negociación, acordos ...

Todos os mandatarios acudían a Galicia para concentrarse co goberno da Xunta no mosteiro de Sobrado dos Monxes no medio de fortes medidas de seguridade. Alí permanecían durante varios días coas súas noites entre maitines e vísperas e cantos gregorianos. Tamén dos animais acudira unha representación liderada polo Moucho de Carantoña con voz e voto nas decisións por primeira vez na historia da creación.

Doce días despois voaban polas torres da igrexa do mosteiro, ante a expectación mundial, centos de pombas con cadansúa pola de oliveira no peteiro. Acadáranse unha solución: os animais participarían no goberno de cada país cunha importante representación. En cada Parlamento se lles habilitaría unha serie de escanos. Tamén nos máximos organismos internacionais estarían representados e polo tocante ó Goberno da Xunta, un grupo parlamentario formado por burros e unha comisión de investigación de cans de palleiro asistiría os políticos na toma de decisións. O presidente da xunta aceptaba o acordo de contar entre os seus asesores cunha pega e un carneiro. Entre os seus escoltas contarían con dous gorilas traídos da selva de Ruanda, que debían realizar un curso de iniciación ó galego normativo. En cambio o presidente da nación comprometéase a ir acompañado dun loro que o acompañaría

agarrado ó lombo para prestarlle a súa asistencia. Todos os animais do mundo terían dereito á seguridade social gratuíta e a unha pensión non contributiva. As eólicas seguirían xirando en nome do progreso e das enerxías limpas coa condición de repoboar os montes con especies autóctonas e prohibir a caza.

#### A BALEA DO TOSTO

A penas unhas cantas cabanas pequenas construídas con tosca pedra arredor dunha hermita construída por baleeiros vizcaíños varias xeracións atrás constituían a aldea de Camelle, situada na orela oeste dun esteiro rodeado de montañas.

Entre os seus habitantes reinaba a expectación non exenta de nerviosismo. As vivendas foran reforzadas antes dos dous grandes temporais que asolaran a costa. As estadas do congro estaban baleiras. Restaba pouco para o día de tódolos santos e un gran acontecemento estaba a piques de producirse se todo resultaba coma en anos anteriores. Os pescadores da aldea non perdían de vista o mar. Non temían a aparición de naves piratas dos herexes ingleses, dos bretóns ou dos portugueses que noutras estadías causarían graves problemas. A costa non era lugar seguro e a incomunicación secular impedía a procura de amparo nas autoridades do país. Corría o ano 1615 e o motivo de tanta expectación era a posible arribada de naves baleeiras dos veciños do norte, que todos os anos chegaban, a pesar das cada vez máis difíciles circunstancias, á pesca da balea.

Lembraba Gonzalo Lema que o seu avó relataba moitas veces á luz da lareira as súas andainas na procura dos cetáceos ó servizo daqueles vascos que cada ano desde Defuntos ó Entroido arribaban os portos de Suevos, Caion, Malpica, Laxe, Camelle, Corcubión,...reclutando mariñeiros do país para saír na persecución daqueles prezados monstros mariños. O seu mesmo avó empregaba moitas palabras do euskera: agur, agurito,...polo trato con aquela xente, que desde o Golfo de Biscaya ó noso Finisterre perseguían incansablemente ás baleas. Tamén os veciños asturianos participaban de tan importante evento anual anque cada ano as capturas eran máis escasas. Quen sabe si un cambio na salinidade do mar, das correntes mariñas, a excesiva persecución ou aumento de numerosas flotas de diversos países provocaron aquel retroceso. Incluso

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

cabía a posibilidade de que os baleiros non regresaran. O ano anterior as capturas foran escasas.

Gonzalo Lema mantiña a esperanza de poder participar naquela marea en caso de producirse. Era a primeira vez. Antes foran seu pai, seus avós, bisavós,...e así durante moitas xeracións. Estaba preparado física e psíquicamente. Cada día lanzaba o seu arpón incansablemente contra unha gran cepa dun carballo para cando cegase o momento. Tódolos homes da aldea tiñan as mans cubertas de callos de tanto vogar desafiando a forza das ondas daquel bravo mar.

Na casa de Gonzalo adiviñábase a importancia da balea en cada curruncho: o cheiro a aceite do cetáceo, a graxa dos candís, os tallos para sentarse (das vértebras), as ripas con que se artillaba o teito da cabana,...

Afortunadamente, unha mañá de novembro despois do día de Defuntos adiviñábase no horizonte a presenza dunhas velas do que parecía ser un baleeiro. Tratábase do Navia, a embarcación de Clemente del Campo, veciño de Luanco. A algarabía apoderábase dos habitantes da aldea que desprendendo entusiasmo levantaban os brazos para saudar desde a veira do mar.

En poucos días todo estaba disposto para á pesca. Os asturianos comprometíanse a facilitar a ferramenta necesaria: estachas, arpóns, sangradeiras, astas, barrís, embarcacións, caldeiras, arcos, vimbios, toneleiros, etc..; os camelións pola contra “fornían a tercia parte” de toda a armazón e gasto que se fixera en dita costeira.

Os atalaieiros viciaban desde o petón da Atalaya e desde o Cabezo mentres o resto dos homes agardaban impacientes na orela da praia a carón das embarcacións. Así transcorrían os días ata que nun amencer ventoso un deles berraba desde a súa posición:

-¡Baleas!, ¡Baleas!, veñen xuntas nunha manada-

Todos os homes saían a todo correr das cabanas saltando dentro das embarcacións, portando cada un os seus aparellos de pesca. En poucos segundos navegaban cinco botes con varios remeiros cada un. O temoneiro marcaba o rumbo co seu berro compasado mentres os remeiros vogaban forte apertando os dentes:

-Ouh, ouh, ouh,...

Gonzalo Lema ollaba cara o horizonte na proa dun dos botes co arpón na man. Efectivamente, alí estaban as baleas. Navegaban en grupo de cinco con

marcha maina e pacífica ceibando o seu chorro de auga e aire por riba da testa coma se foran alleas ó perigo que se lles aveciñaba.

En poucos minutos, os botes xa atravesaban a perigosa barra da entrada do esteiro entre a Pedra do Porto e a Punta da Olga de Fora, navegando por mar aberto en dirección ós cetáceos.

Gonzalo desbordaba emoción a pesar do seu aspecto aparentemente tranquilo. Vestido co seu gorro e roupa de coiro que o protexían das chapuzaduras do frío océano apertaba enerxicamente o arpón e dispoñía a enroscada corda para cando chegase o momento de efectuar o disparo.

Ante a proximidade da manada, o temoneiro marcaba un ritmo cada vez máis acelerado.

-¡Témolas aí, a douscentos metros!-

O noso arponeiro seleccionou a máis grande que ben podía ser a guía da manada e sen perdela de vista ordenou lanzarse dereito a ela. Cando a tiña

## *Contos da Costa da Morte para nenos, mozos e vellos*

a poucos metros pola banda de estribor, lanzaba sen dubidalo un intre o seu arpón impactando enriba do ollo dereito do monstro mariño, mentres se ceibaba a corda que a mantiña unida á embarcación. Seguidamente outros compañeiros arriaban máis picas para rematar ó animal, que desangrándose ceibaba tan grande champlazo coa súa cola que o bote escoraba caendo varios tripulantes ó mar, entre os que se encontraba Gonzalo. Mentres, a balea afundíase paseniñamente. Axiña se achegaban os demais botes para subir a bordo ós náufragos pero Gonzalo non aparecía. Buscaron e chamaron por el, pero tan só un rastro de sangue e moitos metros de corda flotaban na superficie.

Días máis tarde aparecía no Cabo do Tosto unha balea morta de grandes dimensións. Tiña ademais de varias picas un gran arpón cravado con varios metros de corda enredada. Nun dos nus da corda estaba o corpo inerte de Gonzalo, mallado no cabo.





### **M.ª Teresa López de la Fuente**

Licenciada en Filología Inglesa por la Universidad de Salamanca y Profesora de Piano, ejerce como profesora de Educación Secundaria en las materias de Música e Inglés en Peñaranda de Bracamonte (Salamanca). Compagina esta profesión y sus tareas de madre de dos hijos con su afición al teatro, participando como actriz y colaboradora de los montajes del Grupo de Teatro "La Cueva de Salamanca", especialmente en las actividades relacionadas con la música. Así, ha realizado la traducción y adaptación del texto a la música de algunas piezas de la ópera "La Flauta Mágica" de Mozart en una versión infantil realizada para dicho grupo. También ha participado en las jornadas músico-literarias "Otoño Cultural" en Salamanca acompañando al piano recitales de poesía. El relato "Cuestión de Tiempo" supone su primera incursión en la literatura como autora, exceptuando pequeñas adaptaciones de textos y la composición de pequeñas canciones para teatro escolar y para el grupo mencionado.

# de tiempo

M.<sup>a</sup> Teresá López de la Fuente

---

Regresaba a Salamanca tras una larga ausencia de más de veinte años. La recordaba muy bien, tal y como era en los años en que él estudiara allí, su carrera, la ciudad que despertara tal vez su posterior vocación, la misma que le traía ahora, -ya maduro y prestigioso arqueólogo con importantes publicaciones en su haber y un enorme bagaje de conocimientos adquiridos a pie de obra en los más importantes yacimientos arqueológicos del mundo entero-, a pronunciar una conferencia dentro del programa de la Facultad de Historia de los Cursos de Verano de la Universidad. ¡ La Universidad...!

Aquella que tanto le había impresionado por la fama de sus estudios y la belleza de sus edificios históricos en su primera visita a la ciudad, cuando llegó para matricularse en un carrera que, sin saber muy bien por qué, le atraía desde pequeño; atracción que la propia Salamanca, como seductora y misteriosa amante, se encargaría de acrecentar en él, casi inconscientemente, a lo largo de los años que vivió allí. Todavía hoy se pregunta a veces de dónde procedía y cómo nació en él – como en muchos otros hombres y mujeres – esa extraña fascinación por la Antigüedad, por un pasado que atrae más cuanto más lejano e incierto, cuanto más borrosas las huellas que ha ido dejando, cuanto más requiere de la imaginación para ser reconstruido; más cuanto más míticos e irreales son los hechos que deja vislumbrar, cuando desaparecen los límites entre leyenda y realidad, entre la hipótesis y el sueño.

No sólo la Universidad, también el resto de la monumental ciudad le había impresionado vivamente y había contribuido a enardecer su imaginación. De aquella primera visión su retina conservaba fotográficamente el color dorado de la piedra al sol, la filigrana labrada en piedra de las fachadas platerescas y los precisos contornos de las torres y pináculos góticos de la Universidad y de las Catedrales que, bajo el artificio de una espectacular iluminación nocturna, semejaban una inmensa pieza de orfebrería en oro. A aquella primera impresión sucedieron muchos días y noches de agradables descubrimientos: palacios, conventos, callejuelas... lugares impregnados de historia y leyenda, de vidas vividas y vidas soñadas, de muertes testimoniales y muertes imaginadas. Cada paseo, cada trasiego le permitían contemplar la ciudad de un modo diferente, pareciéndole que, siendo única, contenía sin embargo otras muchas: cada instante, cada hora del día, cada estación, cada

luz le mostraban una imagen distinta y de todas ellas disfrutaba plenamente, con la serenidad de que no tiene prisa. Las únicas prisas le entraban – como a casi todos los estudiantes – en Mayo y Junio, cuando apretaba para los exámenes finales ya que, afortunadamente, su capacidad para los estudios se había demostrado sobrada como para poder relajarse durante el resto del curso y le había permitido disfrutar al máximo de los que – dicen – son los mejores años de la vida. Sí, había tenido tiempo para todo: las clases, los amigos, la biblioteca, las chicas, el deporte, las juergas nocturnas, el amor... Incluso para actividades normalmente poco propias de la juventud, como la reflexión y la contemplación. Y, como imponente testigo mudo acompañando todos sus actos, más que como telón de fondo como parte integrante de la vida misma, la ciudad: blanca de niebla y fría en las mañanas de invierno cuando caminaba a la facultad, gris y bruma en las tardes de lluvia al salir de la biblioteca, oro y negro en las ebrias noches de juerga. La torre más alta de la Catedral, omnipresente carabina, parecía vigilar todos y cada uno de sus movimientos, bien desde allí mismo, a sus pies en la Plaza de Anaya donde él y sus amigos más de una noche alargaron la fiesta hasta el amanecer entre litronas, porros, guitarras y bongos; o bien desde lo alto, oteando, cual vigía, cualquier otro lugar donde él estuviera, tal vez para controlarle, tal vez para censurarlo o tal vez...

Estaba deseando llegar. El coche de línea le mareaba un poco y hacía un calor sofocante, a pesar del aire acondicionado: la cortinilla no ajustaba bien y a través de la ventanilla se colaba, impenitente, un rayo de sol intenso que le deslumbraba, obligándole a cerrar los ojos mientras, con cierta relucencia, se dejaba mecer por los mollaes amortiguadores del vehículo y, sin darse cuenta, también por los recuerdos...

